

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 398

IX lexislatura

2 de xaneiro de 2015

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

- 31486 (09/MOC-000106)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do sistema público de servizos sociais (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 29722, publicada no BOPG núm. 372, do 12.11.2014, e debatida na sesión plenaria do 17.12.2014)

[91123](#)

- 31495 (09/MOC-000107)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción

Sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para apoiar os intereses das universidades galegas (Moción a

consecuencia da Interpelación núm. 25355, publicada no BOPG núm. 325, do 12.11.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.08.2014)

[91124](#)

- 31509 (09/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para ampliar a protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situación de necesidade que creou a profunda e prolongada crise (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 26022, publicada no BOPG núm. 336, do 08.09.2014, e debatida na sesión plenaria do 17.12.2014)

[91125](#)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

- 31284 (09/PNP-002276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a actuación policial no Hospital Xeral de Vigo o día 10 de decembro durante un paro de dúas horas realizado polo persoal

[91127](#)

- 31304 (09/PNP-002278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa operación de venda de Novagalicia Banco ao grupo venezolano Banesco

[91130](#)

- 31337 (09/PNP-002279)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a garantía polo Goberno galego do transporte escolar gratuito ao Instituto de Ensinanza Secundaria plurilingüe de Ames para os nenos e nenas residentes no barrio do Porto, en Bertami-ráns

[91132](#)

- 31338 (09/PNP-002280)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun programa de almozos saudables no servizo de comedor escolar dos centros de ensino públicos

[91136](#)

- 31361 (09/PNP-002281)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións oportunas para a asunción da xestión directa e posta en funcionamento do centro de día de Cuntis

[91139](#)

- 31391 (09/PNP-002282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para preservar e pór en valor as carpintarías de ribeira do paseo da Seara, en Moaña

[91141](#)

- 31411 (09/PNP-002283)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia dos datos rexistrados na última estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial referidos aos procesos de desafuzamento

[91144](#)

- 31417 (09/PNP-002284)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun proceso participativo cos axentes sociais destinado á elaboración do Programa de desenvolvemento rural para o período 2014-2020

[91147](#)

- 31420 (09/PNP-002285)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a demanda ao Goberno central da implementación de medidas de apoio aos desempregados a través das prestacións sociais

[91150](#)

- 31428 (09/PNP-002286)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado respecto da supresión dos transportes aéreos ou terrestres de deportación forzada de persoas estranxeiras e do cesamento da persecución policial

[91152](#)

- 31437 (09/PNP-002287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco e 2 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do Plan de normalización lingüística

[91155](#)

- 31440 (09/PNP-002288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a garantir o saneamento e depuración integral das rías galegas

[91157](#)

- 31451 (09/PNP-002289)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a demanda ao Goberno español da modificación do actual modelo de taxas para as embarcacións artesanais

[91160](#)

- 31460 (09/PNP-002290)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a demanda ao Goberno central dun aumento de investimentos produtivos e do cadro de persoal para os estaleiros públicos de Ferrol

[91163](#)

- 31466 (09/PNP-002291)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a habilitación de salas infantís nas dependencias dos xulgados [91165](#)

- 31476 (09/PNP-002292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as razóns polas que a Xunta de Galicia non ten previsto a construción de vivenda protexida no contorno do núcleo histórico de Santiago de Compostela [91167](#)

- 31481 (09/PNP-002293)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia relativas aos pagamentos das retribucións dos procuradores da quenda de oficio de Ferrol [91170](#)

- 31493 (09/PNP-002294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a integración de Ordes nas áreas metropolitanas da Coruña e Santiago [91173](#)

- 31502 (09/PNP-002295)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Camino Copa, Angel e 7 máis

Sobre a regulamentación das novas plantacións de eucaliptos en terreos forestais [91175](#)

- 31507 (09/PNP-002296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas ao mantemento e protección da igrexa de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo) [91179](#)

- 31514 (09/PNP-002297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Consellaría de Sanidade para que dote de persoal e medios os servizos de urxencias dos hospitais de Vigo [91181](#)

- 31540 (09/PNP-002298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a rehabilitación, para a súa posta en funcionamento, das instalacións do matadoiro municipal do Carballiño [91183](#)

- 31551 (09/PNP-002300)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a situación do antigo cárcere provincial da Coruña [91187](#)

- 31565 (09/PNP-002299)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas á resolución do conflito laboral da empresa Cleanet [91189](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de decembro de 2014, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia

– Prego de cláusulas administrativas particulares [91086](#)

– Prego de prescricións técnicas [91109](#)

A Mesa do Parlamento, na reunión do 30 de decembro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 31486 (09/MOC-000106)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do sistema público de servizos sociais (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 29722, publicada no BOPG núm. 372, do 12.11.2014, e debatida na sesión plenaria do 17.12.2014)

- 31495 (09/MOC-000107)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción

Sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para apoiar os intereses das universidades galegas (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 25355, publicada no BOPG núm. 325, do 12.11.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.08.2014)

- 31509 (09/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre a actuación que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para ampliar a protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situación de necesidade que creou a profunda e prolongada crise (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 26022, publicada no BOPG núm. 336, do 08.09.2014, e debatida na sesión plenaria do 17.12.2014)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 31284 (09/PNP-002276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a actuación policial no Hospital Xeral de Vigo o día 10 de decembro durante un paro de dúas horas realizado polo persoal

- 31304 (09/PNP-002278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa operación de venda de Novagalicia Banco ao grupo venezolano Banesco

- 31337 (09/PNP-002279)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a garantía polo Goberno galego do transporte escolar gratuito ao Instituto de Ensinanza Secundaria plurilingüe de Ames para os nenos e nenas residentes no barrio do Porto, en Bertamiráns

- 31338 (09/PNP-002280)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun programa de almozos saudables no servizo de comedor escolar dos centros de ensino públicos

- 31361 (09/PNP-002281)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións oportunas para a asunción da xestión directa e posta en funcionamento do centro de día de Cuntis

- 31391 (09/PNP-002282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para preservar e pór en valor as carpintarías de ribeira do paseo da Seara, en Moaña

- 31411 (09/PNP-002283)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia dos datos rexistrados na última estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial referidos aos procesos de desafuizamento

- 31417 (09/PNP-002284)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun proceso participativo cos axentes sociais destinado á elaboración do Programa de desenvolvemento rural para o período 2014-2020

- 31420 (09/PNP-002285)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre a demanda ao Goberno central da implementación de medidas de apoio aos desempregados a través das prestacións sociais

- 31428 (09/PNP-002286)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado respecto da supresión dos transportes aéreos ou terrestres de deportación forzada de persoas estranxeiras e do cesamento da persecución policial

- 31437 (09/PNP-002287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco e 2 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do Plan de normalización lingüística

- 31440 (09/PNP-002288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a garantir o saneamento e depuración integral das rías galegas

- 31451 (09/PNP-002289)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a demanda ao Goberno español da modificación do actual modelo de taxas para as embarcacións artesanais

- 31460 (09/PNP-002290)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a demanda ao Goberno central dun aumento de investimentos produtivos e do cadro de persoal para os estaleiros públicos de Ferrol

- 31466 (09/PNP-002291)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a habilitación de salas infantís nas dependencias dos xulgados

- 31476 (09/PNP-002292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as razóns polas que a Xunta de Galicia non ten previsto a construción de vivenda protexida no contorno do núcleo histórico de Santiago de Compostela

- 31481 (09/PNP-002293)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia relativas aos pagamentos das retribucións dos procuradores da quenda de oficio de Ferrol

- 31493 (09/PNP-002294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para a integración de Ordes nas áreas metropolitanas da Coruña e Santiago

- 31502 (09/PNP-002295)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Camino Copa, Angel e 7 máis

Sobre a regulamentación das novas plantacións de eucaliptos en terreos forestais

- 31507 (09/PNP-002296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas ao mantemento e protección da igrexa de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)

- 31514 (09/PNP-002297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Consellaría de Sanidade para que dote de persoal e medios os servizos de urxencias dos hospitais de Vigo

- 31540 (09/PNP-002298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a rehabilitación, para a súa posta en funcionamento, das instalacións do matadoiro municipal do Carballiño

- 31551 (09/PNP-002300)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a situación do antigo cárcere provincial da Coruña

- 31565 (09/PNP-002299)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas á resolución do conflito laboral da empresa Cleanet

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de decembro de 2014, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 30 de decembro de 2014 iniciouse a tramitación da contratación administrativa, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia.

Nesa mesma data a Mesa da Cámara aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen o procedemento e que se insiren a continuación.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º

Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación administrativa, por lotes, dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

Primeira. Obxecto do contrato e réxime xurídico

1. O contrato regulado por este prego ten por obxecto a contratación da prestación do servizo que se describe no punto 1 do cadro de especificacións, conforme as características que figuran no prego de prescricións técnicas.

Este contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido neste prego, no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante TRLCSP), no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e, en canto non estea derogado, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP).

No que non estea previsto neste prego de cláusulas administrativas, as dúas partes sométense expresamente ao disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo TRLCSP, e nas súas disposicións complementarias.

O prego de prescricións técnicas no que se describen as características do servizo que haberá que prestar revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado en proba da súa conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

2. Unicamente se admitirá a presentación de variantes cando así se estableza no punto 8 do cadro de especificacións.

No suposto de que se admitan, os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas que incorporen solucións alternativas ás definidas nas prescricións técnicas, nos termos establecidos no punto 8 do cadro de especificacións.

Segunda. Orzamento de licitación e existencia de crédito

1. O orzamento de licitación máximo que se establece para este contrato do Parlamento é o establecido no punto 4 do cadro de especificacións.

Para todos os efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o IVE (que figurará como partida independente) e demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes.

2. Partida orzamentaria na que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato: a establecida no punto 5 do cadro de especificacións.

3. A forma de pagamento será a establecida no punto 6 do cadro de especificacións.

Terceira. Duración do contrato e revisión de prezos

1. A duración do contrato é a establecida no punto 7 do cadro de especificacións.

A vixencia deste contrato poderase prorrogar mediante acordo escrito das partes e antes do seu remate nos termos establecidos no punto 9 do cadro de especificacións.

2. O prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión sempre que así se determine no punto 10 do cadro de especificacións, consonte o establecido nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

Cuarta. Forma e procedemento de adxudicación do contrato

Adxudicarase este contrato por procedemento aberto, consonte o disposto nos artigos 138, 150 e 157 a 161 do TRLCSP.

Quinta. Capacidade para contratar

Poderanse presentar a esta contratación e formular as seguintes proposicións, con suxeición ás cláusulas deste

prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 59 do TRLCSP.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigo 55 do TRLCSP.

Sexta. Clasificación da empresa contratista

1. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para unha debida execución das prestacións exixidas.

2. Para garantir a adecuación entre a actividade da empresa e o obxecto do contrato, a clasificación exixida ao contratista será, se é o caso, a reflectida no cadro de especificacións.

Sétima. Documentación e contido

Cada licitador poderá presentar proposición para un ou para os dous lotes, pero non poderá presentar máis dunha proposición para cada lote, agás o disposto no artigo 147 do TRLCSP, nin poderá subscribir ningunha proposta e unión temporal de empresas con outros se xa o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal de empresas. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas presentadas.

O licitador formulará a súa proposición en sobres pechados e asinados, nos que indicará, en cada un deles, o nome ou a razón social da entidade, o título do obxecto da contratación e, de ser o caso, o número do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, os licitadores deberán manifestar de forma explícita qué información incluída na súa oferta ten carácter confidencial.

Os licitadores poderán solicitar, por medios electrónicos, as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos e a documentación complementaria ata o mesmo día de terminación do prazo para presentar ofertas. A Administración responderá, dentro do prazo para presentar ofertas, no prazo máis breve posible.

Sobre A: «Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional dos licitadores».

Dentro do sobre incluírase, pola orde que se detalla e acompañada dun índice, a seguinte documentación:

1. O documento ou os documentos que acrediten a capacidade de obrar do empresario, mediante a presentación, de ser a empresa persoa xurídica, da escritura ou do documento de constitución ou modificación, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa exigible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, acreditarase mediante a escritura ou o documento da constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo a persoa xurídica da que se trate.

Se se trata de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, acreditarase a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente segundo a lexislación do estado onde estea establecido ou a presentación dunha declaración xurada ou certificado nos termos que se indican no anexo I do RXLCAP.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular do ámbito territorial onde radique o domicilio da empresa. No caso de contrato suxeito a regulación harmonizada prescindirase do informe de reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio, consonte o disposto no artigo 55 do TRLCSP.

No caso de persoas naturais, a personalidade acreditarase mediante a presentación do DNI ou do documento que, de ser o caso, o substitúa legalmente.

2. Cando quen asine a proposición non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegar poder de representación, inscrito no rexistro mercantil, de ser o caso, e acreditado en canto a suficiencia por un letrado ou letrada dos Servizos Xurídicos da Cámara. Deberase incluír copia do DNI e da tarxeta do NIF de quen asine a proposición.

3. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración do artigo 60 do TRLCSP, que incluírá a manifestación do artigo 146.1.c) do TRLCSP.

4. Solvencia económica e financeira do empresario. Esta acreditarase por algunha das formas reguladas no artigo 75 do TRLCSP. Non será preciso acreditarla no caso de exixirse clasificación no cadro de especificacións.

5. De ser o caso, xustificante de ter constituída a garantía provisional polo importe de ata o 3% do orzamento máximo de licitación sinalado no punto 4 do cadro de especificacións e en calquera das formas previstas no artigo 103 do TRLCSP e nos artigos 56, 57 e 58 do RXLCAP.

6. No caso de que o licitador sexa unha unión de empresas, haberase que ater ao disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Así mesmo, deberase presentar un documento subscrito por cada representante das empresas asociadas no que se comprometan, de resultaren adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios, se aínda non se constituísen.

7. As empresas estranxeiras achegarán declaración expresa de se someteren á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideren xurdir do contrato, con renuncia expresa, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que poida corresponderlle ao licitador.

8. A inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma eximirá os licitadores de presentaren a documentación das alíneas 1, 2 e 3, sen prexuízo da obriga do contratista de achegar declaración responsable na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Para os efectos da acreditación da inscrición vixente no Rexistro

Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o licitador fará constar no exterior do sobre o número do rexistro que lle corresponda. A Administración do Parlamento incorporará de oficio o devandito certificado ao expediente, logo de solicitarllo telematicamente ao Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia.

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa deberá reiterar, antes da adxudicación do contrato, a manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

9. Solvencia técnica ou profesional:

Para o lote 1, certificado que acredite a clasificación do licitador como empresa de servizos exixida no cadro de especificacións, acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a súa obtención.

Os licitadores deberán así mesmo achegar a acreditación de figurar inscritos no Rexistro Xeral de Empresas de Seguridade do Ministerio do Interior.

De se atopar a empresa pendente de clasificación, deberá achegar o documento acreditativo de ter presentada a correspondente solicitude e deberá xustificar estar en posesión da clasificación exixida no prazo previsto para a reparación de defectos ou omisións na documentación.

Para o lote 2, para a acreditación da debida solvencia técnica e profesional as empresas licitadoras deberán xustificar documentalmente a formalización de contratos nesta materia por importe de 50.000 euros anuais durante os últimos tres anos.

Os licitadores deberán así mesmo achegar a acreditación de figurar inscritos no Rexistro Xeral de Empresas de Seguridade do Ministerio do Interior, como empresas instaladoras e mantedoras de equipos de seguridade, e certificados de empresa instaladora e mantedora, e acreditará o cumprimento dos requisitos regulamentarios exixidos polo Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, sobre instalacións de protección contra incendios e modificacións segundo o expresado no Real decreto 560/2010, do 7 de maio; a Orde do 16 de abril de 1988, sobre normas de procedemento e

desenvolvemento do Real decreto 1942/1993, e a autorización de recargador mantedor de extintores conforme a normativa vixente.

Con todo, a clasificación non exime os licitadores de achegaren o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución, nos termos que se establecen na alínea seguinte, que deberá achegarse en todo caso.

De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLSCP, á marxe de acreditar a solvencia requirida, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que a xuízo do órgano de contratación deberán cumprir os requisitos requiridos nas cláusulas cuarta ou décima, segundo o lote, do prego de prescricións técnicas como mínimos para garantir a súa correcta execución.

Os licitadores manifestarán, segundo o modelo de declaración responsable que se achega como anexo III, que a totalidade do persoal que destinarán á prestación do servizo cumpre os requisitos exixidos nas cláusulas cuarta ou décima do prego de prescricións técnicas. Non se admitirá a participar a ningunha empresa que non acredite, mediante esta declaración, que os traballadores que desenvolverán a prestación do servizo posúen os devanditos requisitos.

A categoría profesional e o nivel de coñecementos técnicos exixidos no prego de prescricións técnicas terán o carácter de obrigas contractuais esenciais. A falsidade nas acreditacións profesionais e no nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración parlamentaria e será causa da resolución do contrato, consonte o establecido no artigo 223.f) do TRLCSP.

10. Se é o caso, e sempre que o punto 20 do cadro de especificacións o permita, indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

11. De ser o caso, enderezo de correo electrónico no que poder facer as notificacións derivadas do procedemento, segundo modelo que se insire como anexo I.

12. Para os efectos do establecido na cláusula décimo primeira para o suposto de que dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, acreditación da porcentaxe, en relación ao total da empresa, de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2 %.

13. Deberán presentarse orixinais de todos os documentos anteriores ou as súas copias debidamente autenticadas.

14. O licitador poderá substituír a presentación dos documentos das alíneas 1, 2, 3, 4, 7 e 9 pola declaración responsable, segundo modelo que se inclúe como anexo IV, indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar. Neste caso, o licitador en cuxo favor se faga a correspondente proposta de adxudicación deberá acreditar, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos exixidos. En todo caso, o Parlamento de Galicia poderá exixir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a dita documentación acreditativa.

Sobre B, terá a seguinte inscrición: «Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor».

Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

Conterá, en xeral, os detalles ou as precisións que considere convenientes o licitador para a mellor realización da prestación do servizo obxecto da contratación e, en especial, os que poidan ser susceptibles de valoración segundo os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor que se fixan no cadro de especificacións.

En todo caso deberá conter a documentación exixida no punto 26 do cadro de especificacións.

Neste sobre «B» non se poderá incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determi-

nar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas do punto 16 do cadro de especificacións, a cal debe incluírse no sobre «C».

O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

Sobre C, terá a seguinte inscrición: «Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas».

Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 16 do cadro de especificacións.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 27 do cadro de especificacións.

Oitava. *Anuncio da licitación e presentación de proposicións*

As proposicións presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación que se publicará no *Diario Oficial da Unión Europea* e no *Boletín Oficial del Estado*.

2. Conforme o establecido nas Normas para utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública do Parlamento de Galicia (BOPG nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas por Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013, BOPG nº 209 do 5 de decembro 2013), poderán presentar alternativamente as súas proposicións a través da Plataforma Electrónica de Contratación ata o día en que finaliza o prazo para a presentación de ofertas.

No perfil de contratante do Parlamento de Galicia (http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/contenido-gal/informacioninstitucional/Perfil_Contratacion.aspx) existe un enlace directo coa plataforma. Para acceder á plataforma será preciso rexistrarse previamente.

Os licitadores deberán asinar a oferta e todos os documentos asociados a ela con sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación, que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

A documentación deberá achegarse en formato pdf ou similar non editable; o incumprimento desta exixencia determinará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

Se a documentación que se achegue foi xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co sinalado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Unha vez presentada unha oferta a través da plataforma electrónica xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, hora e contido da proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido ata que se constituía a Mesa de Contratación e se proceda á apertura delas conforme a normativa correspondente.

Non se poderá presentar máis que unha proposición, ou en formato papel ou en formato electrónico. A presentación de dúas proposicións implicará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

3. As proposicións tamén poderán ser enviadas por correo dentro do prazo de admisión sinalado nos anuncios de licitación. Neste caso os licitadores deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (é requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao Parlamento a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo Parlamento con pos-

terioridade á data da terminación do prazo de recepción de proposicións sinalado no anuncio. Transcorridos, porén, dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibise a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

4. A presentación da oferta presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas deste prego.

5. O importe da proposición non deberá superar o orzamento de licitación establecido no cadro de especificacións.

Novena. *Garantías*

1. En atención ás circunstancias concorrentes no contrato, poderase exixir para participar na contratación, segundo o establecido no punto 12 do cadro de especificacións, a constitución dunha garantía provisional, nas formas e nos termos establecidos no artigo 103 do TRLCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e seralles devolta aos licitadores logo da adxudicación do contrato, salvo a do licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación como economicamente máis vantaxosa, que será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva.

A garantía provisional poderalles ser incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

2. O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír a garantía definitiva por un importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, no prazo de dez días hábiles, que se contará desde o seguinte á recepción do requirimento da documentación da alínea 6 da cláusula décimo segunda. No caso de tramitación urxente este prazo reducirase a cinco días.

A garantía definitiva devolverase ou cancelarse consonte o disposto no artigo 102 do TRLCSP.

3. Poderase exixir no cadro de especificacións a constitución de garantía complementaria, por valor de ata un 5 % do prezo de adxudicación.

4. As garantías poderanse prestar por algún dos medios regulados no artigo 96 do TRLCSP, e depositaranse –ou, de ser

o caso, acreditarase a súa constitución– na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento.

5. A garantía definitiva e, de ser o caso, a garantía complementaria estarán afectas ás responsabilidades enumeradas no artigo 100 do TRLCSP.

6. No caso de constituírse garantía mediante aval, deberá efectuarse segundo o modelo que se achega no anexo V.

7. No caso de que os licitadores fagan uso da facultade que lles concede o artigo 96.3 do TRLCSP e acrediten a constitución da garantía mediante medios electrónicos, deberán remitir ao Parlamento o documento orixinal de devandita garantía antes da adxudicación do contrato.

Décima. Mesa de contratación

A mesa de contratación estará composta, conforme o establecido no artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración parlamentaria (BOPG nº 633, do 24 de outubro de 2008), polos membros sinalados no punto 15 do cadro de especificacións. Comunicarase oportunamente no perfil do contratante no caso de se producir substitución por ausencia dalgún membro integrante da mesa de contratación.

Décimo primeira. Criterios para a valoración das proposicións

1. Teranse en conta, para a valoración das proposicións presentadas en relación coa súa selección, os criterios establecidos no punto 16 do cadro de especificacións.

2. Criterios de desempate. No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2 %, de conformidade co establecido na disposición adicional 4ª do TRLCSP.

Décimo segunda. Fases da adxudicación

1. Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres «A». De resultar precisa reparación de erros ou omisións na documentación pre-

sentada neste sobre «A», a mesa de contratación concederá prazo para efectuala antes do acto público do punto seguinte.

2. Posteriormente, en acto público que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 17 do cadro de especificacións, abriranse os sobres «B» das empresas que presentasen a documentación de forma correcta e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

3. Tamén en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 17 do cadro de especificacións, abriranse os sobres «C» das empresas que presentasen a documentación de forma correcta e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

4. A mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos considere precisos.

5. Unha vez que a mesa de contratación realizou a avaliación de todas as proposicións presentadas, efectuará a asignación de puntos segundo os criterios de adxudicación sinalados no punto 16 do cadro de especificacións, e elevaralla á Mesa do Parlamento de Galicia.

6. A Mesa do Parlamento clasificará en orde decrecente as ofertas presentadas segundo os criterios de adxudicación sinalados no punto 16 do cadro de especificacións e, á vista da devandita clasificación, requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles –cinco días no caso de tramitación urxente–, que se contará desde o seguinte á recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Alta, de ser o caso, no imposto de actividades económicas, referido ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado coa declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

d) No caso de que o adxudicatario for unha unión de empresas, acreditación desta mediante presentación da escritura de constitución e NIF asignado á unión.

e) Documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva e, de ser o caso, a garantía complementaria, que se depositarán –ou, de ser o caso, acreditarase a súa constitución– na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento.

f) Xustificación de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación.

A presentación dos documentos sinalados nas letras a), b) e c) poderase substituír, no caso de licitador con inscrición vixente no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia que fixese constar tal circunstancia no sobre «A» coa documentación relativa á capacidade para contratar e á solvencia económica, financeira, técnica e profesional, pola manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

No caso de que o adxudicatario substituíse no sobre «A» a documentación administrativa da cláusula sétima pola declaración responsable do anexo IV, deberá acreditar neste momento a posesión e validez dos documentos exixidos.

7. No caso de que a proposición economicamente máis vantaxosa incorra en baixa anormal ou desproporcionada conforme o establecido na cláusula décimo terceira, daráselle audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións dela. Poderanse solicitar, de ser o caso, os informes técnicos que se consideren necesarios. No caso de que o licitador que presentase a proposición economicamente máis vantaxosa estiver incurso en baixa anormal ou desproporcionada poderáselle exixir unha garantía complementaria consonte o establecido no punto 14 do cadro de especificacións.

No caso de considerar que unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a devandita proposición será excluída da clasificación.

8. Dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a documentación requirida ao licitador, e unha vez acreditado que presentou correctamente a documentación requirida e que reúne as condicións exixidas para o efecto, a Mesa do Parlamento efectuará a adxudicación do contrato ao seu favor.

9. No caso de que o licitador non cumpra adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e procederase neste caso a solicitar a mesma documentación ao seguinte licitador pola orde na que quedasen clasificadas as respectivas ofertas.

10. Poderase declarar deserto o procedemento no caso de non existir oferta ou proposición que sexa admisible conforme os criterios que figuren no punto 16 do cadro de especificacións.

11. A adxudicación seralles notificada aos licitadores e simultaneamente publicada no perfil de contratante do Parlamento de Galicia, nos termos do artigo 151.4 do TRLCSP. Décimo terceira. *Baixas anormais ou desproporcionadas*

Consideraranse, en principio, anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media.

En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Décimo cuarta. *Formalización do contrato*

O correspondente contrato administrativo entenderase perfeccionado coa súa formalización no correspondente docu-

mento administrativo, no que non poderá incluírse en ningún caso cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato non se poderá realizar antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se remita a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.

O órgano de contratación requirirá o adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días, que se contará desde o seguinte a aquel en que se recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto do parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato.

Engadiránselle a este contrato como anexos, e pasarán a formar parte del, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares do procedemento de contratación.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se poida formalizar o contrato no prazo sinalado, a Mesa do Parlamento poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, de ser o caso, se exixise e a indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración parlamentaria, e poderáselles adxudicar ao licitador ou aos licitadores seguintes a aquel por orde das súas ofertas.

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP. Non obstante, no cadro de especificacións poderase determinar a prohibición da subcontratación.

Décimo quinta. *Gastos e impostos*

Tanto na oferta que formule o licitador coma nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e os impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, polo tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pagamento do importe dos gastos de publicación de anuncios e cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e

de formalización do contrato, igual que o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

No cadro de especificacións poderase enumerar, se é o caso, outros gastos que serán por conta do adxudicatario.

Décimo sexta. *Condicións para a execución do contrato*

O servizo que prestará a empresa adxudicataria suxeitarase ás seguintes condicións:

1. A empresa contratista elaborará un estudo organizativo do contrato que comprenda a metodoloxía dos traballos e os manuais de procedemento para a prestación do servizo.

No caso de que a prestación do servizo implique a utilización, mesmo fóra das dependencias da propia empresa, de persoal da empresa contratista, esta deberá observar o disposto nesta cláusula respecto do seu persoal. No estudo organizativo do contrato describiranse, de ser o caso, as funcións do persoal propio da empresa e a forma de realizalas.

O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas, aos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e de acordo co manual de procedemento elaborado polo contratista e aprobado pola Administración do Parlamento.

2. O prazo de execución do contrato será o establecido no punto 18 do cadro de especificacións.

3. O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato de acordo coa oferta formulada. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do persoal. A Administración parlamentaria é allea ás devanditas relacións laborais.

O adxudicatario indicará os nomes das persoas adscritas á empresa que ten previsto designar e que cumpran os requisitos que se exixirán no momento da súa aceptación pola Administración parlamentaria. O adxudicatario estará obrigado a asignar para a execución dos traballos aos que se refire este prego os facultativos cuxo nome figure na súa oferta, coa dedicación definida nela. Polo tanto, durante a vixencia do contrato, o persoal asignado a este con dedicación completa non poderá intervir noutro traballo. Así

mesmo, o adxudicatario non poderá substituír o persoal facultativo establecido na súa oferta sen a expresa autorización do director dos traballos.

4. O contratista é responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e dos servizos realizados, nos termos do artigo 305 do TRLCSP. A empresa contratista dispoñerá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, que se precisará no estudo organizativo do servizo, que se fará responsable de impartirlles aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo. Correspóndenlle, así mesmo, á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

No caso de enfermidade, licenzas, permisos ou outras ausencias ou situacións similares do persoal asignado ao servizo, o adxudicatario tomará as medidas oportunas para manter en todo momento o número de efectivos persoais ofertados. Así pois, durante as vacacións, permisos ou licenzas do persoal asignado á prestación do servizo, o adxudicatario deberá proceder á súa substitución por outro persoal da empresa coa mesma titulación e nivel de coñecementos, circunstancia que se lle deberá comunicar á Administración parlamentaria por escrito, con mención expresa e acreditación dos datos identificativos e profesionais e académicos do persoal substituído.

5. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP.

6. O contratista deberá concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil pola contía establecida no punto 19 do cadro de especificacións que cubra todas as posibles responsabilidades perante a Administración do Parlamento derivadas da execución do contrato. Así mesmo, deberá constituír un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou utilicen.

7. É responsabilidade da empresa contratista facilitarlles aos seus traballadores todos os medios materiais precisos para

levaren a cabo o seu traballo, incluídos os aparellos de intercomunicación e localización inmediata.

8. A formación do persoal da empresa adxudicataria correrá por conta dela e en ningún caso o seu custo será asumido polo Parlamento.

9. O adxudicatario está, así mesmo, obrigado ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguranza e saúde laboral.

10. No caso de se producir unha suspensión do contrato, observarase o estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. De acordar a Administración parlamentaria unha suspensión dos traballos, levantarase a correspondente acta de suspensión.

11. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, dispoñendo para tal fin as prerrogativas establecidas no artigo 307 do TRLCSP.

12. A recepción realizarase consonte o disposto nas alíneas 1, 2 e 4 do artigo 222 do TRLCSP e nos artigos 203 e 204 do RXLCAP.

13. O prazo de garantía da prestación dos servizos obxecto do contrato será o establecido no punto 21 do cadro de especificacións. Durante o período de garantía, o contratista está obrigado a reparar, pola súa conta, todas as deficiencias que se poidan observar, con independencia das consecuencias que deriven das responsabilidades nas que poida incurrir, de acordo co establecido neste prego e no artigo 305 do TRLCSP.

14. Co motivo dun compromiso ambiental o Parlamento de Galicia exixiralle ao contratista o cumprimento, na execución deste contrato, de boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa prestación do servizo e o debido cumprimento da lexislación vixente.

Décimo sétima. *Pagamentos ao contratista*

1. O contratista terá dereito ao cobro do prezo da prestación efectivamente realizada.

2. O contratista deberá presentar a correspondente factura polos servizos prestados, dirixida ao Parlamento de Galicia, no rexistro de facturas da Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, unidade administrativa competente en materia de contabilidade pública do Parlamento de Galicia.
3. O pagamento deberá producirse dentro dos trinta días seguintes á data da aprobación da factura polo órgano competente do Parlamento.

Décimo oitava. *Execución do contrato*

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ao contratista o órgano de contratación. Actuará como responsable do contrato a persoa designada no punto 28 do cadro de especificacións.
2. A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista, e este será responsable da calidade técnica da prestación do servizo. Consonte o establecido no artigo 156 do TRLCSP, non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa anterior formalización, excepto nos casos previstos nos artigos 112 e 113 do TRLCSP.
3. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos na TRLCSP. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas no artigo 307 do TRLCSP.
4. No caso de se producir unha suspensión do contrato, observarase o estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. De acordar a Administración parlamentaria unha suspensión, levantarase a correspondente acta de suspensión.

Décimo novena. *Confidencialidade e protección de datos*

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda a información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, especialmente a de carácter persoal. A dita información non poderá ser utilizada, cedida ou copiada para outro fin distinto do que resulte da propia execución do contrato, nin sequera para os efectos de conservación, que-

dando obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, e no resto da lexislación aplicable.

Vixésima. *Modificación do contrato*

Se durante a vixencia do contrato a Administración parlamentaria detecta a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, ou a realización de traballos non contratados, aplicarase o disposto nos artigos 210, 211 e 219 e mais no título V do libro I do TRLCSP. Neste caso o contratista virá obrigado á modificación dos manuais de procedementos da alínea 1 da cláusula décimo sexta.

Vixésimo primeira. *Resolución do contrato*

Son causas de resolución do contrato, nos termos establecidos no artigo 112 do RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, as seguintes:

- a) O incumprimento das obrigas ou das prohibicións enumeradas neste prego.
- b) A grave deficiencia na prestación do servizo por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo Parlamento.

Vixésimo segunda. *Penalidades*

No caso de incumprimento do disposto neste prego e no prego de prescricións técnicas ou da súa defectuosa prestación, a Mesa do Parlamento poderá optar indistintamente por:

- a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.
- b) As penalidades impostas por parte do órgano de contratación serán as previstas con carácter xeral nos artigos 212, 213, 214 do TRLCSP, e en concreto as que se determinen no cadro de especificacións.

As cantidades por imposición de penalidades, logo do oportuno trámite de audiencia ao contratista, serán deducidas na

seguinte facturación que proceda ou, de non ser posible, serán efectivas sobre a garantía que se constituíse, debendo o contratista repórter ou ampliar esta na contía que corresponda no prazo de 10 días hábiles.

A penalidade económica imposta non exclúe a indemnización de danos e perdas á que poida ter dereito a Administración.

En todo caso, a constitución de mora do empresario non precisará intimación previa por parte da Administración.

Vixésimo terceira. Réxime das notificacións

As notificacións que se deban realizar derivadas da tramitación deste procedemento poderanse efectuar por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar mediante correo electrónico ao enderezo que os licitadores designasen ao presentaren as proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No caso de que o licitador ou o seu representante rexeitase a notificación, farase constar no expediente, e especificaranse as circunstancias dos intentos de notificación, polo que se terá por efectuado o devandito trámite.

Vixésimo cuarta. Recurso especial en materia de contratación

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación, de acordo co establecido no artigo 40 do TRLCSP, os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que rexan a contratación, os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, e mais o acordo de adxudicación.

Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da mesa de contratación polos que se acorda a exclusión dos licitadores.

A tramitación deste recurso axustarase ao disposto nos artigos 40 a 50 do TRLCSP.

De acordo co establecido no artigo 45 do TRLCSP, no caso de que o acto obxecto de recurso sexa o de adxudicación, quedarán en suspenso a tramitación do expediente de contratación.

Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vixésimo quinta. Interpretación, recursos e xurisdición

As decisións da mesa de contratación poderán ser obxecto de recurso perante a Mesa do Parlamento.

A Mesa do Parlamento ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razón de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na TRLCSP e no RXLCAP.

Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos dos contratos administrativos serán resoltas pola Mesa do Parlamento. Contra os seus acordos, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme o disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CADRO DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO

1	Obxecto do contrato	Xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de seguridade do Parlamento de Galicia, por lotes: Lote 1: xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio, tanto das persoas coma de materiais do Parlamento de Galicia. Lote 2: xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro, do Parlamento de Galicia.			
2	Número de expediente	SRI-PA-6/2014			
3	Tramitación	Ordinaria			
4	Orzamento de licitación		Lote 1	Lote 2	Total
		Orzamento anual:	171.757,69 €	57.059,82 €	228.817,51 €
		IVE (21%):	36.069,12 €	11.982,56 €	48.051,68 €
		TOTAL:	207.826,81 €	69.042,38 €	276.869,18 €
Total valor estimado do contrato (o valor estimado do contrato vén determinado polo importe total, tendo en conta calquera forma de opción e eventuais prórrogas, IVE excluído):		457.635,02 €			
5	Partida orzamentaria	Está incluído dentro do orzamento do lote 2 unha partida de 10.000,00 €/ano, IVE incluído, destinada a cubrir a reparación, substitución e repostos de calquera tipo de materiais e equipamentos relacionados cos sistemas de protección contra incendios e de seguridade. Antes da reparación ou substitución a empresa presentará proposta económica, que deberá ser aprobada polo Parlamento. De non resultar necesaria esta reparación ou substitución de repostos ou equipamentos, a Administración resolverá o destino da dita partida a adquisición de novos equipamentos ou mellora dos existentes, ou calquera outra prestación relativa ao obxecto da presente contratación ou, de ser o caso, detraerase o seu importe na última factura.			
		01.01.111B.227.01 Dado que o expediente se tramita como anticipado de gasto, a súa autorización e disposición está sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio 2015			

6	Forma de pagamento	O prezo aboarase en cotas mensuais por mensualidades vencidas, de acordo coa factura expedida polo adxudicatario e verificada polo responsable competente.
7	Duración do contrato	Un ano desde a súa formalización
8	Admisión de variantes	Non se admiten
9	Prórrogas do contrato	Polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo doutro ano máis.
10	Revisión de prezos	Os prezos desta contratación non serán obxecto de revisión, xa que no seu cálculo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o posible prazo de execución
11	Referencias técnicas	As referidas no PPT.
12	Garantía provisional	Non se exige.
13	Garantía definitiva	Si.
14	Garantías complementarias	No caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración do punto 16, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituir unha garantía polo importe do 5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído.
15	Mesa de Contratación	Presidente: o vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento. Vogais: - a vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento. - o secretario da Mesa do Parlamento. - un/ha letrado/a do Parlamento. - o director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir a viceinterventora do Parlamento) Secretario: o director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento)
16	Criterios de adxudicación	I. Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: de 0 A 49 puntos. Valor técnico da oferta do seguinte modo: <u>Lote 1:</u> ▪ Memoria da prestación do servizo en materia de control e seguridade: plan de traballo e metodoloxías aplicable nos días laborables, en horario nocturno, fins de semana e festivos, incluíndo a metodoloxía e execución das roldas e o seu equipamento: ata 20 puntos. ▪ Descrición do manexo dos medios materiais existentes, da asistencia técnica na vixilancia e control de seguridade do edificio: ata 15 puntos ▪ Plan de seguimento, control e avaliación continuada da calidade do servizo, incluíndo programa de formación específica relacionada co

persoal, e das medidas en relación a controis de calidade, seguranza e confidencialidade previstas: ata 10 puntos.

- Descrición de medidas ambientais na xestión e manexo de equipos que poidan ter que ver coa seguridade e vixilancia (exposicións a radiacións escáner,...): ata 4 puntos.

Lote 2:

- Memoria da prestación do servizo en materia de protección de incendios: plan de traballo e metodoloxías, implantación e execución do contrato: ata 20 puntos:
- Descrición do mantemento dos medios materiais existentes, da asistencia técnica, reparación, dispoñibilidade de repostos en materia de protección contra incendios e sistemas de seguridade: ata 20 puntos
- Medidas relativas á calidade da prestación do servizo, incluíndo programa de formación específica relacionada co persoal, e das medidas en relación a controis de calidade, seguranza e confidencialidade previstas: ata 5 puntos.
- Descrición de medidas ambientais na xestión e manexo de equipos e substancias empregados na protección de incendios: ata 4 puntos.

II. Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: de 0 a 51 puntos:

Lote 1:

- a) Prezo: de 0 a 40 puntos: Ponderaranse as ofertas adxudicando os puntos de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 40 \times \frac{\text{Orzamento licitación – oferta } i}{\text{Orzamento licitación – oferta máis baixa}}$$

- b) Número de efectivos adicionais para vixilancia e seguridade para a cobertura de sesións plenarias e actos extraordinarios: ata 8 puntos

Non se valorarán ofertas inferiores a un efectivo adicional. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicaráselles a máxima puntuación. Ás demais asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

- c) Bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias: ata 3 puntos.

Non se valorarán oferta de horas inferiores a 300 horas. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicaráselles a máxima puntuación. Ás demais asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

Lote 2:

- a) Prezo: de 0 a 51 puntos: ponderaranse as ofertas adxudicando os puntos de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 48 \times \frac{\text{Orzamento licitación – oferta } i}{\text{Orzamento licitación – oferta máis baixa}}$$

		b) Bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias: ata 3 puntos. Non se valorarán oferta de horas inferiores a 300 horas. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicaráselles a máxima puntuación. Ás demais asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.
17	Apertura de proposicións	- Sobre B: no día e hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e se publicará no perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia. - Sobre C: no día e hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e se publicará no perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.
18	Prazo para a execución do contrato	A partir da súa formalización
19	Seguro de responsabilidade civil	Por importe de 150.000,00 €
20	Subcontratación	Permítese
21	Prazo de garantía do servizo	Ata un ano despois de rematado o contrato
22	Acceso ao perfil de contratante	www.parlamentodegalicia.es
23	Código nomenclatura CPV	50413200 Servizos de reparación e mantemento de instalacións contra incendios 79710000-4 Servizos de seguridade 79714000-2 Servizos de vixilancia
24	Código clasificación estatística CPA-2002	80.10.12 Servizos de gardas de seguridade 84.25.11 Servizos de extinción e prevención de incendios
25	Medio de realización das notificacións	Mediante correo electrónico
26	Contido do sobre B	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (CD, DVD, pendrive,...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acredite e xustifique o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes Conterá, en xeral, os detalles ou as precisións que considere convenientes o licitador para a mellor realización dos servizos obxecto da contratación.

		Calquera outro aspecto relacionado coa prestación do servizo para garantir o mantemento da calidade do servizo.
27	Contido do sobre C	Modelo de proposición que se insire como anexo II
28	Responsable do contrato	Xefe do Servizo de Réxime Interior
29	Penalidades	Conforme a determinación, na cláusula sétima, do carácter de obrigas contractuais esenciais dos requisitos mínimos exixidos no prego de prescricións técnicas respecto do persoal que realizará a prestación do servizo, establécese como penalidade o incumprimento da obriga de substituír os efectivos no caso de ausencia, baixa, licenza, permiso, vacacións ou por calquera outra, nos termos do punto 4 da cláusula décimo sexta. Neste caso, ademais da obriga de detraer do prezo da contratación as cantidades relativas aos salarios e gastos sociais non aboados pola empresa con motivo da non substitución dos efectivos, establécese una penalidade do 10% do importe das ditas cantidades.
30	Clasificación	Para lote 1: grupo M (servizos especializados), subgrupo 2 (servizos de seguridade, custodia e protección), categoría B.
31	Data de envío do anuncio ao DOUE	30 de decembro de 2014

ANEXO I

(sobre A)

D./D^a., con domicilio en
....., rúa, núm.,
DNI núm., expedido en, actuando
(en nome propio ou en representación de
.....), tendo coñecemento das
condicións e dos requisitos que se exixen no prego de cláusulas administrativas
particulares da contratación para a adxudicación de contrato de servizos de
....., para os efectos do establecido na
cláusula vixésimo terceira do prego de cláusulas administrativas para o caso de efectuar
notificacións, expresamente autorizo ao Parlamento de Galicia a efectuar as
notificacións que se produzan como consecuencia da tramitación deste procedemento a
través do seguinte correo electrónico:

Correo electrónico:

Lugar e data

Sinatura do/a licitador/a

ANEXO II
Modelo de proposición
(Sobre C)

D./D^a., con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, que actúa (en nome propio ou en representación de), ao ter coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación do contrato de servizos de para a Administración do Parlamento de Galicia, comprométese a realizar a prestación obxecto do contrato con suxeición ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares desta contratación, polo seguinte:

Lote 1:

	Ofertado pola empresa
Prezo excluído o IVE	en letras: en números:
IVE	en letras: en números:
TOTAL	en letras: en números:

	Ofertado pola empresa
Número de efectivos adicionais para a cobertura de sesións plenarias e actos extraordinarios	

	Ofertado pola empresa
Número de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias	

Lote 2:

	Ofertado pola empresa
Prezo excluído o IVE	en letras: en números:
IVE	en letras: en números:
TOTAL	en letras:

en números:

Ofertado pola empresa

Número de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias

Lugar e data

Sinatura do/a licitador/a

ANEXO III

Declaración responsable

(Sobre A)

D./D^a, co DNI núm., en
nome propio ou en representación da empresa, co
NIF/CIF núm., para os efectos de participar na contratación
administrativa para a prestación dos servizo de..... do
Parlamento de Galicia, e conforme o disposto na cláusula sétima do prego de cláusulas
administrativas, declara que a totalidade do persoal que destinará á prestación do servizo
no caso de resultar adxudicatario posúe a categoría profesional e coñecementos exixidos
na cláusula cuarta/décima (segundo o lote) do prego de prescricións técnicas.

..... de de

Lugar e data

Sinatura

ANEXO IV

Modelo de declaración responsable

(Sobre A)

D./D^a., con domicilio en,
rúa, núm., DNI núm., expedido
en, actuando (en nome propio ou en representación de
.....), tendo coñecemento das condicións e
dos requisitos que se exigen no prego de cláusulas administrativas particulares da
contratación para a adxudicación de contrato de,
para os efectos do establecido na cláusula sétima dos pregos de cláusulas
administrativas que rexe esta contratación,

DECLARO RESPONSABLEMENTE,

- Que tanto a entidade como quen a representa e asina esta declaración teñen a personalidade xurídica suficiente e, de ser o caso, representación bastante, e cumpren as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixidos para participar neste procedemento de contratación.
- Que achegará en calquera momento que lle sexa solicitada polo Parlamento de Galicia a documentación acreditativa do cumprimento destas circunstancias.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade a que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto ningún daqueles a que se refire o artigo 60 do TRLCSP.
- Que a entidade se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Lugar e data

Sinatura

ANEXO V

Modelo de aval

(para o caso de constituírse garantía mediante aval)

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), co NIF, con domicilio para efectos de notificacións e requirimentos (na rúa/praza, avenida, código postal, localidade) e no seu nome..... (nome e apelidos do/s apoderado/s), con poderes suficientes para obrigalo neste acto, AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), co NIF....., en virtude do disposto (norma/s que impoñen a constitución desta garantía) para responder das seguintes obrigas (detallar o obxecto do contrato ou obriga/s asumidas polo garantido), ante o Parlamento de Galicia, por importe de (en letra e cifras).....

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos na lexislación de contratos do sector público. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do Parlamento de Galicia, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval permanecerá vixente ata que o Parlamento de Galicia autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no texto refundido da Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)
(razón social da entidade)
(sinatura do/s apoderado/s)

ACREDITACIÓN DA SUFICIENCIA DE PODERES

Prego de prescricións técnicas da contratación administrativa, por lotes, dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia.

Primeira. Obxecto

O obxecto deste contrato é a prestación dos servizos de vixilancia, seguridade e protección contra incendios, de acordo cos seguintes lotes:

Lote 1: xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio, tanto das persoas coma de materiais do Parlamento de Galicia.

A descrición das condicións e características do obxecto do contrato referidos a este lote figuran nas cláusulas segunda a sétima.

Lote 2: xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro, do Parlamento de Galicia.

A descrición das condicións e características do obxecto do contrato referidos a este lote figuran nas cláusulas oitava a décimo terceira.

Segunda. Alcance do contrato do lote 1

O obxectivo é a vixilancia e o control de seguridade sen armas de todo o recinto e das instalacións do Parlamento de Galicia, realizándose as funcións xerais propias deste tipo de actividades de conformidade co establecido na Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada.

As funcións dos vixilantes de seguridade serán as que lles establece a lexislación vixente, as que se establecen neste prego e as que propoña a empresa adxudicataria como melloras na oferta técnica.

A prestación dos servizos por parte da empresa adxudicataria terá o seguinte alcance:

- a) Realizar a vixilancia e protexer a seguridade das persoas e os bens.
- b) Controlar as entradas e saídas no recinto de persoas, paquetes e mercadorías de todo tipo mediante o manexo do escáner e control do arco de seguridade.
- c) Controlar as entradas e saídas no recinto de automóviles e o seu control en todos os aparcadoiros existentes.
- d) Realizar as roldas de vixilancia e recoñecemento das instalacións que sexan necesarias ou que se ordenen. Para tal efecto, a empresa adxudicataria deberá presentar

debidamente detallada a proposta de percorrido e frecuencias, así como instalar o sistema que permita acreditar a súa debida realización. O Parlamento poderá controlar no momento que coide oportuno a realización das devanditas roldas e o debido seguimento por parte da empresa.

e) A utilización dos aparellos e sistemas instalados no edificio para realizar os labores de vixilancia, seguridade e control, para efectos de vixiar e controlar as cámaras, e as alarmas e outros sistemas de seguridade, en situacións de primeira intervención, instalados para detectar incidencias ou intrusionas, sen prexuízo das funcións que nesta materia ten atribuída a Policía Autonómica.

f) As actuacións de primeira intervención e a activación dos plans de comunicación e alarma previstos nos casos de avaría, deficiencia, emerxencia ou sinistro.

g) Asesorar e colaborar na coordinación dos traballos coa Administración parlamentaria en materia de prevención contra incendios e seguridade e vixilancia do edificio.

h) Levar a cabo calquera outra actividade relacionada co servizo de seguridade que lle encomende o Parlamento de Galicia.

Terceira. Descrición dos sistemas que se utilizarán para a vixilancia, seguridade e control integral do recinto

A composición dos distintos equipos e sistemas de vixilancia instalados no Parlamento de Galicia para dar cumprimento ao disposto na cláusula 2 alínea e) é a seguinte:

3.1. Unidade de control de alarmas

3.2. CCTV-monitores.

3.3. Cámaras de vídeo con infravermellos.

3.4. Controis de acceso.

3.5. Infravermellos pasivos.

3.6. Equipos de control de accesos en garaxe.

3.7. Sistema de alarma de intrusión.

3.8. Sistema de circuíto pechado de televisión (CPTV).

Cuarta. Medios humanos e cobertura horaria do lote 1

En xeral, a cobertura horaria establecerase a criterio da Administración parlamentaria de modo que quede garantida a plena asistencia ás actividades ordinarias e extraordinarias da Cámara. Os días de sesións plenarias ou que se realicen actividades extraordinarias, ou os días nos que se precise a presenza reforzada dalgún vixilante de seguridade a

maiores do habitual, a empresa adxudicataria deberá cubrir o servizo requirido pola Administración parlamentaria.

A prestación do servizo respecto destas funcións será necesariamente desenvolvida por persoal debidamente cualificado e acreditado como vixilantes de seguridade segundo a normativa vixente. Durante o desenvolvemento do servizo deberá ir uniformado correctamente, cos medios que a lexislación vixente nesta materia tipifica e cun equipo de transmisión portátil por posto que garanta a fluidez das comunicacións no exercicio da prestación.

Desenvolveranse estes labores de vixilancia e control integral do recinto durante todo o ano, de luns a domingo, incluídos festivos, de maneira que o servizo quede cuberto as vinte e catro horas, segundo se detalla a continuación:

4.1. Cobertura horaria do servizo:

A prestación do servizo realizarase de luns a domingo, ambos inclusive, coas seguintes xornadas e persoal, en concepto de mínimos:

— 1 vixilante de seguridade para cubrir as 24 horas de luns a domingo na área de portaría e no resto da edificación segundo sexa determinado pola Administración do Parlamento de Galicia.

— 1 vixilante de 8 a 20 horas de luns a venres, realizando as súas funcións no posto de vixilancia do aparcadoiro. A Administración reserva para si a facultade de variar este horario.

— A oferta detallará no sobre B a relación do número total de efectivos que prestarán o servizo descrito coa súa correspondente distribución horaria.

4.2. Para os efectos do establecido no artigo 120 do TRLCSP facilitarase, ao través do perfil de contratante do Parlamento de Galicia, información relativa ás condicións dos contratos dos traballadores aos que puidese afectar a subrogación de persoal.

4.3. O adxudicatario manterá a máxima estabilidade do emprego do persoal que preste servizo no Parlamento. Non obstante, o Parlamento de Galicia reserva para si o dereito a solicitar a substitución dalgún traballador cando considere que o servizo non se está a prestar coa calidade ou corrección necesarias.

Quinta. *Documentación técnica do lote 1*

O adxudicatario presentará na súa oferta técnica un cadro detallado dos labores de vixilancia e control de seguridade.

O adxudicatario virá obrigado a ter ao día a documentación técnica que a continuación se indica:

a) Base documental de normativa: nela recollerase permanentemente actualizada toda a normativa vixente en relación coa vixilancia e control de seguridade e os requisitos legais sobre o desempeño dos traballos que require o devandito servizo.

b) O contratista levará un rexistro diario mediante partes das actividades realizadas e das incidencias relacionadas co servizo.

c) Informe trimestral das operacións desenvolvidas na prestación do servizo.

d) Un libro de instrucións e incidencias relativo ao control de accesos.

Sexta. Desenvolvemento do servizo do lote 1

6.1. Locais, medios e autorizacións de acceso

O Parlamento de Galicia poñerá á disposición do persoal da empresa contratista os locais adecuados de vestiario, non adquirindo pola devandita razón ningún dereito sobre eles.

O adxudicatario dispoñerá, durante o período de vixencia do contrato, do permiso de acceso a todas as instalacións cuxo servizo é obxecto desta contratación, aos locais que as albergan e a aqueloutros onde deba desenvolver o servizo contratado, non adquirindo tampouco pola devandita razón ningún dereito sobre eles.

O Parlamento de Galicia indicarlle ao adxudicatario as normas e as condicións dese acceso.

En calquera caso, o persoal do adxudicatario deberá cumprir os requisitos de identificación e xerais exixidos en materia de seguridade polo Parlamento de Galicia.

6.2. Representante

O contratista deberá designar unha persoa que o represente, quen recibirá as instrucións ou directrices do Parlamento.

6.3. Xestión

O adxudicatario será responsable da completa xestión do servizo obxecto deste contrato, que exercerá no seu marco.

Sétima. Calidade do servizo do lote 1

7.1 O Parlamento de Galicia inspeccionará en todo momento a forma e a prestación do servizo, e terá acceso permanente aos rexistros diarios e á base documental normativa sinalados na cláusula quinta deste prego.

O contratista será responsable de que o persoal que dedique á prestación do servizo faga un uso dilixente dos equipos e medios que se poñerán á súa disposición para a correcta prestación do servizo, sendo polo tanto responsable de calquera deterioración ou

disfunción orixinada ou producida polo seu uso negligente, en cuxo caso deberá facerse cargo dos custos de reparación ou substitución.

7.2. Obxectivos de calidade

O adxudicatario debe realizar a prestación do servizo de maneira que, no marco dos requisitos exixidos neste prego, cumpra os obxectivos de calidade que a continuación se indican:

a) As prestacións que deben obterse da descrición do servizo incluída no alcance do contrato serán en todo momento as que demande o Parlamento de Galicia.

b) Realizaranse todos os controis e as operacións previstas e aqueloutros que fosen necesarios para obter unha correcta prestación do servizo.

Trimestralmente a empresa deberá achegar informe xustificativo detallado da realización dos ditos controis, e o modo en que a empresa supervisa a súa correcta realización, particularmente os realizados en horario nocturno, fins de semana e festivos.

c) Manterase un correcto tratamento de equipos, materiais, aparellos, sistemas e instalacións dispostos polo Parlamento de Galicia para as tarefas de control e vixilancia.

d) En todo momento, observaranse e aplicaranse todas as normas de seguridade esixidas para asegurar a máxima integridade física de persoas e cousas.

Oitava. Alcance do contrato do lote 2

O obxectivo é controlar e lograr o axeitado funcionamento das instalacións obxecto deste contrato, mediante a realización do mantemento predictivo, preventivo e correctivo dos sistemas de protección contra incendios e de seguridade e vixilancia, o control das instalacións e dos equipamentos, así como a previsión, a corrección e a actuación inmediata no caso de calquera tipo de avarías, deficiencias, emerxencias ou sinistros dentro das instalacións do Parlamento de Galicia.

A prestación dos servizos por parte da empresa adxudicataria terá o seguinte alcance:

a) A xestión e o mantemento integral (predictivo, preventivo e correctivo) dos sistemas de protección contra incendios e de seguridade do Parlamento.

b) A adopción de medidas correctoras adecuadas nos casos de avarías, deficiencias, emerxencias ou sinistros, así como o cumprimento dos programas de mantemento preventivo.

c) Garantir que os sistemas de seguridade e de vixilancia do edificio e os sistemas contra incendios se axusten en todo momento á legalidade vixente e en perfectas condicións de funcionamento.

d) As actuacións de primeira intervención e a activación dos plans de comunicación e alarma previstos nos casos de avaría, deficiencia, emerxencia ou sinistro.

e) Informar a Administración parlamentaria das avarías ou deficiencias, das emerxencias ou dos sinistros que se produzan.

f) Coordinar e supervisar a instalación de novos sistemas, instalacións ou equipos relacionados cos sistemas de protección contra incendios e de seguridade e vixilancia.

g) Asesorar e colaborar na coordinación dos traballos coa Administración parlamentaria en materia de prevención contra incendios e seguridade e vixilancia do edificio.

h) Naquelas instalacións ou equipos que só se utilicen en momentos de urxencia, risco ou catástrofe, realizar as postas en marcha periódicas, programadas no Plan de emerxencias.

i) Comprobar periodicamente que as instalacións obxecto do mantemento deste prego cumpren os requirimentos legais e regulamentarios respecto da súa fabricación, importación, instalación, revisión, homologación e, en xeral, respecto das súas características e especificacións.

O mantemento deberá garantir que se cumpran as condicións para a prevención e protección contra incendios para este tipo de edificios, co fin de protexer as vidas humanas e os bens, eliminando no posible as causas que producen a iniciación dos incendios e, no caso de que isto suceda, evitando a súa propagación e reducindo os seus efectos, cumprindo o Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 marzo, e o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro, e sucesivas modificacións, e as demais normas complementarias.

O mantemento básico que desenvolverá o adxudicatario correspóndese co esixido nas táboas I e II do Real decreto 1942/1993, do 5 de novembro. Este mantemento é o mínimo legalmente exixido. Polo tanto, poderá ser ampliado ou completado polo adxudicatario na súa oferta, ou por requirimento do Parlamento de Galicia.

Novena. Descrición dos sistemas de protección contra incendios, de seguridade e de control de incidencias ou sinistros obxecto de xestión e mantemento

A composición dos distintos equipos e sistemas contra incendios instalados no Parlamento de Galicia que deberán xestionarse é a seguinte:

9.1. Sistemas automáticos de detección de incendio

A instalación está composta neste punto por:

- 1 central analóxica de incendio de 4 bucles e con baterías.
- 1 central convencional de 8 zonas.
- 1 ordenador xenérico con procesador P4 conectado á central cun software supervisor instalado cos gráficos da instalación.

- 1 panel repetidor de incendio con baterías.
- 1 barreira infravermella de incendio.
- 476 detectores direccionais óptico-térmicos.
- 4 detectores direccionais óptico-térmicos con entrada de interruptor.
- 23 detectores direccionais óptico-térmicos con sirena.
- 50 detectores ópticos convencionais.
- 97 detectores termovelocimétricos convencionais.
- 8 interfaces de lazo con alimentador e baterías.
- 8 interfaces de lazo autoalimentados.
- 1 electroimán de retención de porta.
- 1 detector de gas natural.

9.2. Sistemas manuais de alarma de incendio

Os sistemas manuais de alarma de incendio están constituídos por un conxunto de interruptores que permiten provocar voluntariamente e transmitir un sinal a unha central de control e sinalización permanentemente vixiada, de tal forma que sexa doadamente identificable a zona na que foi activado o interruptor.

A instalación está composta neste punto por:

- 45 pulsadores de incendio direccionais.

9.3. Sistemas de comunicación de alarma

O sistema de comunicación da alarma permite transmitir un sinal diferenciado, xerado voluntariamente desde un posto de control. O sinal será, en todo caso, audible, debendo ser, ademais, visible cando o nivel de ruído onde deba ser percibido supere os 60 dB.

O nivel sonoro do sinal e o óptico, de ser o caso, permitirán que sexa percibido no ámbito de cada sector de incendio onde estea instalado.

O sistema de comunicación da alarma dispón de dúas fontes de alimentación, coas mesmas condicións que as establecidas para os sistemas manuais de alarma, podendo ser a fonte secundaria común coa do sistema automático de detección e do sistema manual de alarma, ou de ambos os dous.

A instalación está composta neste punto por:

- 19 sirenas convencionais piezoeléctricas.

9.4. Sistemas de abastecemento de auga contra incendios

A instalación está composta neste punto por:

- Conexión directa á rede xeral de abastecemento contra incendios.

9.5. Sistemas de hidrantes exteriores

Os sistemas de hidrantes exteriores están compostos por unha fonte de abastecemento de auga, unha rede de canalizacións para auga de alimentación e os hidrantes exteriores necesarios.

Os hidrantes exteriores son do tipo de columna hidrante ao exterior (CHE) ou hidrante en arqueta (boca hidrante).

A instalación está composta neste punto por:

- 3 hidrantes exteriores de tres tomas.
- 1 caseta para columna de hidrante con accesorios.

9.6. Extintores de incendio

1. Os extintores de incendio, as súas características e especificacións axustaranse ao Regulamento de aparellos a presión e á súa instrución técnica complementaria MIE-AP5.

2. A localización dos extintores permitirá que sexan doadamente visibles e accesibles, estarán situados próximos aos puntos onde se estime maior probabilidade de se iniciar o incendio, a ser posible próximos ás saídas de evacuación e preferentemente sobre soportes fixados a paramentos verticais, de modo que a parte superior do extintor quede, como máximo, a 1,70 metros sobre o chan.

A instalación está composta neste punto por:

- 106 extintores portátiles de po de 6 kg.
- 29 extintores portátiles de CO₂ de 2 kg.
- 3 extintores de carro de 25 kg.

9.7. Sistemas de bocas de incendio equipadas

Os sistemas de bocas de incendio equipadas están compostos por unha fonte de abastecemento de auga, unha rede de canalizacións para a alimentación de auga e as bocas de incendio equipadas (BIE) necesarias.

A instalación está composta neste punto por:

- 19 bocas de incendio de 45 mm, flexibles.
- 19 bocas de incendio de 25 mm, semirríxidas.

9.8. Sistemas de columna seca

O sistema de columna seca está composto por toma de auga en fachada ou en zona doadamente accesible ao servizo contra incendios, coa indicación de uso exclusivo dos bombeiros, provista de conexión siamesa, con chaves incorporadas e unións de 70 mm con tapa e chave de purga de 25 mm, columna ascendente de canalización de aceiro galvanizado e diámetro nominal de 80 mm.

A instalación está composta neste punto por:

- 3 bifurcacións de 70 x70 IPF41.
- 4 bifurcacións de 45 x45 IPF39.

9.9. Sistemas fixos de extinción por axentes extintores gasosos

Os sistemas por axentes extintores gasosos están compostos polos seguintes elementos:

- a) Mecanismo de disparo.
- b) Equipos de control de funcionamento eléctrico ou pneumático.
- c) Recipientes para gas a presión.
- d) Condutos para o axente extintor.
- e) Esparexedores de descarga.

A instalación está composta neste punto por:

- 5 subcentrais de extinción con baterías.
- 11 pulsadores de disparo de extinción.
- 11 pulsadores de paro de extinción.
- 12 luminosos de disparo.
- 7 solenoides de disparo.
- 3 válvulas direccionais.

- 1 cilindro de disparo.
- 11 cilindros de gases.
- 3 fontes de alimentación de 24 V con baterías.
- 2 comportas automáticas de ventilación.

9.10. Sistema de detección de monóxido de carbono

A instalación está composta neste punto por:

- 1 centraliña de detección.
- 9 detectores de concentración de monóxido.

9.11. Sistema de megafonía

O aparcadoiro subterráneo conta con sistema de megafonía para emisión de avisos e alarmas.

A instalación está composta neste punto por:

- central de emisión.
- 21 altosfalantes.

9.12. Sistema de vixilancia e control integral

A composición dos distintos equipos e sistemas de vixilancia instalados no Parlamento de Galicia que deberán xestionarse e manterse para efectos de garantir o seu correcto funcionamento é a seguinte:

- Unidade de control de alarmas.
- CCTV-monitores.
- Cámaras de vídeo con infravermellos.
- Controis de acceso.
- Infravermellos pasivos.
- Equipos de control de accesos en garaxe.
- Sistema de alarma de intrusión.

- Sistema de circuito pechado de televisión (CPTV). A instalación está composta neste punto por:

- a) Interior do edificio: o Parlamento de Galicia dispón de sistema CPTV composto por cámaras fixas e móbiles que transmiten simultaneamente e videogravador dixital.

- b) Exterior do edificio: o Parlamento de Galicia dispón de instalación de CPTV no exterior do edificio, composto por cámaras fixas e móbiles con posicionamento por telemetría (PTZ).

- c) Aparcadoiro subterráneo: a institución do Parlamento de Galicia conta así mesmo no aparcadoiro do edificio na planta -2 cun sistema CPTV composto por cámaras de TV fixas.

9.13. Equipamentos dos controis horarios e de acceso e presenza no edificio

A instalación está composta neste punto por:

- 2 terminais lectoras CP-96 de tarxetas de proximidade e baterías.

- 1 software de programación, ImesD.

O mantemento e xestión do equipamento obxecto desta parte do contrato comprenderá a comprobación da lectura de tarxetas, da comunicación con PC, das baterías e acumuladores, revisión das bases de datos, lectura de terminais, extracción e traspaso de datos, programación de horarios, calendarios, reprogramación de tarxetas, lectura de *back-up* das memorias dos terminais e a subministración e/ou reposición das tarxetas identificativas.

9.14. Cerrallaría

A prestación do servizo comprenderá a instalación, o mantemento, a revisión, a reparación e, de ser o caso, a substitución de cilindros e pechaduras e mais a custodia e o duplicado de chaves.

9.15. Cofres de seguridade

Mantemento, revisión e reparación dos cofres de seguridade.

Décima. Medios humanos e cobertura horaria do lote 2

10.1 A prestación do servizo respecto destas funcións será necesariamente desenvolvida por un técnico oficial mecánico electrónico especialista en xestión e mantemento, cunha titulación mínima de técnico superior en FP, FP II ou equivalente.

Con carácter xeral desenvolverá os labores de mantemento preventivo e correctivo derivados do normal desenvolvemento do servizo durante todo o ano, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas, e de 16.00 a 19.00 horas, sen prexuízo de que fóra do período ordinario de sesións se poida adaptar á xornada de horario intensivo. O horario

prolongarase nos días de sesións plenarias, e calquera outro acto que comunique a Administración parlamentaria, ata a fin do seu desenvolvemento. Non obstante, o Parlamento de Galicia reserva para si a facultade de modificar estas franxas horarias cando o considere pertinente, sen que isto supoña un incremento de horas presenciais diarias.

Sen prexuízo da necesidade deste efectivo presencial no horario referido, a empresa adxudicataria disporá dunha cobertura as 24 horas do día, nos que quedará garantido o axeitado funcionamento de todos os sistemas de seguridade como a súa supervisión e control, así como unha resposta de emerxencia inmediata ante calquera incidencia detectada.

10.2. Para os efectos do establecido no artigo 120 do TRLCSP facilitarase, ao través do perfil de contratante do Parlamento de Galicia, información relativa ás condicións dos contratos dos traballadores aos que puiden afectar a subrogación de persoal.

10.3. O adxudicatario manterá a máxima estabilidade do emprego do persoal que preste servizo no Parlamento. Non obstante, o Parlamento de Galicia reserva para si o dereito a solicitar a substitución do traballador cando considere que o servizo non se está a prestar coa calidade ou corrección necesarias.

Décimo primeira. *Documentación técnica do lote 2*

O adxudicatario presentará na súa oferta técnica un cadro detallado dos labores de mantemento e revisións dos equipos e sistemas de protección contra incendios e de seguridade, e a súa frecuencia periódica, e mais proposta de plan de actuacións no caso de emerxencias ou sinistros.

O adxudicatario virá obrigado a ter ao día a documentación técnica que a continuación se indica:

a) Base documental de normativa: nela recollerase permanentemente actualizada toda a normativa vixente en relación coas instalacións obxecto do mantemento e as condicións e os requisitos legais e administrativos de todo tipo sobre o desempeño dos traballos que require o devandito mantemento.

b) O contratista levará un rexistro co inventario, permanentemente actualizado, de todos os equipamentos dos sistemas de protección contra incendios e de seguridade do Parlamento de Galicia, que poñerá á disposición da Administración en formato papel e electrónico.

c) O contratista levará un rexistro de mantemento no que se farán constar as instalacións do Parlamento obxecto do servizo e as modificacións ou ampliacións que se introduzan nelas, os programas de actuacións preventivas e mantementos realizados nos sistemas de protección contra incendios e de seguridade e vixilancia e mais as incidencias producidas no desenvolvemento do servizo e actuacións correctoras e de primeira intervención e/ou comunicacións levadas a cabo.

d) Partes diarios das actividades realizadas nos que se rexistre calquera incidencia relacionada co servizo.

e) Informe trimestral das operacións desenvolvidas na prestación do servizo.

f) Un libro de instrucións e incidencias relativo ao control de accesos.

Décimo segunda. *Desenvolvemento do servizo do lote 2*

12.1. Locais, medios e autorizacións de acceso

O Parlamento de Galicia poñerá á disposición do persoal da empresa contratista os locais adecuados de vestiario, non adquirindo pola devandita razón ningún dereito sobre eles.

O adxudicatario dispoñerá, durante o período de vixencia do contrato, do permiso de acceso a todas as instalacións cuxo servizo é obxecto desta contratación, aos locais que as albergan e a aqueloutros onde deba desenvolver o servizo contratado, non adquirindo tampouco pola devandita razón ningún dereito sobre eles.

O Parlamento de Galicia indicarlle ao adxudicatario as normas e as condicións dese acceso.

En calquera caso, o persoal do adxudicatario deberá cumprir os requisitos de identificación e xerais exixidos en materia de seguridade polo Parlamento de Galicia.

12.2. Representante

O contratista deberá designar unha persoa que o represente, quen recibirá as instrucións ou directrices do Parlamento.

12.3. Xestión

O adxudicatario será responsable da completa xestión do servizo obxecto deste contrato, que exercerá no seu marco.

Décimo terceira. *Calidade do servizo do lote 2*

13.1 O Parlamento de Galicia inspeccionará en todo momento a forma e a prestación dos diferentes servizos adxudicados en relación coas especificacións deste documento, e terá acceso permanente aos rexistros de mantemento, rexistro do inventario e base documental normativa sinalados na cláusula décimo primeira deste prego.

O contratista será responsable do bo estado e funcionamento dos equipos. No caso de que a deterioración fose causada por unha neglixencia ou deficiente mantemento responsabilidade do contratista, deberá facerse cargo dos custos de reparación ou substitución.

13.2. Obxectivos de calidade

O adxudicatario debe realizar a prestación do servizo de maneira que, no marco dos requisitos exixidos neste prego, cumpra cos obxectivos de calidade que a continuación se indican:

a) As prestacións que deben obterse da descrición do servizo incluída no alcance do contrato serán en todo momento as que demande o Parlamento de Galicia.

b) Realizaranse todos os controis e as operacións previstas e aqueloutros que foren necesarios para obter unha correcta prestación do servizo. Moi especialmente, atenderase a realizar aqueles exixidos polas normas de obrigado cumprimento, en cada momento vixentes.

Trimestralmente a empresa deberá achegar informe xustificativo detallado da realización dos ditos controis, e o modo en que a empresa supervisa a súa correcta realización.

c) Manterase un correcto tratamento de materiais, aparellos, equipos, sistemas e instalacións.

d) En todo momento, observaranse e aplicaranse todas as normas de seguridade exixidas para asegurar a máxima integridade física de persoas e cousas.

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Mixto** do Parlamento de Galicia, por iniciativa da deputada **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 17 de decembro de 2014, sobre a privatización global do sistema público galego (doc. Núm. 29722, Expediente 09/INT-001083).

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta a:

1. Rematar coa actual política de privatización, colaboración público-privada, externalización e xestión indirecta nos Servizos Públicos esenciais, exercendo a xestión pública directa, dado que todos os estudos teñen demostrado que a xestión pública é máis eficaz, eficiente, que proporciona mellor calidade laboral e mellor servizo aos cidadáns.
2. Garantir a xestión pública da Residencia de persoas maiores do Carballiño “O Cornuval” dado que na construción e dotación da mesma xa se levan investidos 7 Millóns de euros de todas as cidadáns galegas e galegos.


Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2014

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P.Mixto do Parlamento de Galiza.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 19/12/2014 11:47:44



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada os días 16 e 17 de decembro de 2014, sobre a proposta do ministro de Educación de cambiar a organización do ensino universitario e a implantación de graos de tres anos máis dous de máster (09/INT-000903, doc. núm. 35355)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apoiar os intereses das universidades e dos/as estudantes universitarios/as galegos/as fronte aos intentos de reforma de organización do ensino universitario do ministro Wert, defendendo na Conferencia General de Política Universitaria e no Ministerio de Educación as decisións ao respecto dos reitores do SUG como representantes de toda a comunidade universitaria galega.

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2014

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 19/12/2014 12:30:26

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/12/2014 12:30:40

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada os días 16 e 17 de decembro de 2014, sobre a extensión da protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situacións de necesidade que creou a profunda e prolongada crise (09/INT-000946, doc. núm. 26022)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. A que demande do Goberno central a ampliación da protección por desemprego no seu nivel a asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos Servizos Públicos de Emprego máis dun ano, teñan responsabilidades familiares e cumpran os requisitos de carencia de rendas.

Este subsidio tamén se estenderá ás mulleres que tivesen acreditado a condición de vítima de violencia de xénero, a aquelas persoas que acrediten unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 %, ou teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, e ás persoas paradas maiores de 45 anos, cando esgotasen a Renda Activa de Inserción ou se contratasen dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude de dereito á admisión ao devandito Programa.

Este subsidio se prorrogará de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manteranse como mínimo ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 %.

A contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial e a súa vez incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no

Grupo Parlamentario

artigo 217.2 LGS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcanzasen a menores de idade, esta contía incrementárase en 100 euros por menor.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente ningunha prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

2. A implementación de xeito inmediato, cos interlocutores sociais, un Plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.

Este plan incluírá, en todo caso, o aumento da dotación dos Servizos Públicos de Emprego con novo persoal técnico para a atención individualizada das persoas en desemprego de longa duración que, como mínimo, se cuantificará en non menos de 200 persoas expertas en orientación e promoción de emprego en Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2014

Asdo.: María Quintas Alvarez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 19/12/2014 13:54:38

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/12/2014 13:54:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á actuación policial no Hospital Xeral de Vigo o día 10 de decembro durante un paro de dúas horas realizado polo persoal.

A Xunta de Persoal da Área Sanitaria de Vigo convocou nos centros sanitarios de Vigo paros de 2 horas os días 9, 10 e 11 de novembro en horario de 11:30 a 13:30 e de 18:30 a 20:30 horas dentro das mobilizacións para rexeitar as privatizacións do PP, contra a privatización dos servizos contra a perda de postos de traballo públicos e reclamar un hospital 100% público.

No día de onte a policía nacional e autonómica tomaron o hospital Xeral durante eses paros de dúas horas. O comité de folga, legalmente constituído, foi obxecto dunha marcaxe policial inaudita dentro do centro hospitalario, estivo cercado en todo momento mentres tentaban realizar labores de información. Intento de coartar o dereito á folga ao pretender impedir a saída do posto de traballo a persoas para acudir ao paro convocado.

Foi especialmente grave a intervención policial na entrada da cociña do Hospital Xeral, onde impedindo a entrada ao comité de folga e procederon a identificar ao persoal de cociña que entraba na mesma. A todo isto hai que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

engadir o desproporcionado despregue de efectivos e de vehículos nas portas do centro hospitalario.

Todo indica que esta actuación, propia de réximes non democráticos, foi realizada a instancias do Xerente da EOXI de Vigo Mario González.

É inaceptábel a represión que se viviu onte nun centro hospitalario de Vigo, é inaceptábel o intento de coartar o dereito á folga e a liberdade sindical. É inaceptábel a intervención policial nun recinto sanitario, sen que se estean producindo ningún tipo de incidente.

Esta liña de actuación, non é a primeira vez que se produce por parte da consellaría de Sanidade, xa que hai dúas persoas pendentes de xuízo por protestar ante a visita da conselleira a un centro hospitalario de Ferrol.

Diante desta situación é preciso a asunción de responsabilidades e a rectificación por parte d@s responsábeis, polo cal o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cesar ao Xerente da EOXI de Vigo como responsábel da actuación policial dentro das instalacións do Hospital Xeral de Vigo durante o paro de dúas horas celebrado o 10 de decembro respondendo á convocatoria feita pola Xunta de Persoal da Área Sanitaria de Vigo.

O Parlamento de Galiza insta á Consellería de Sanidade ao cambio da súa



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

política de persoal, a cambiar represión e intento de amedrantamento por diálogo e a cambiar imposición por acordo.”

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 11/12/2014 19:08:15

María do Carme Adán Villamarín na data 11/12/2014 19:08:21

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Abel Losada Alvarez, Juan Carlos González Santín, José Luis Méndez Romeu e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A venda de NGB a unha entidade bancaria de capital venezolano, por 1.003 millóns de euros a pagar ata 2018, resulta incomprensible para a poboación de esta Comunidade Autónoma; xa que o Goberno perde nesta operación de venda, a través do FROB, un total de 8.000 millóns de euros procedentes dos impostos de tódolos cidadáns.

En termos de calidade democrática, o secretismo do proceso fai imprescindible que a Xunta de Galicia e o Goberno de España rendan contas ante os seus administrados. O FROB tense escudado para proceder a venda con tanta rapidez no informe de *McKinsey*, que ata o de agora non ten sido feito público, informe que segundo o FROB aseguraba que esperar podería erosionar significativamente o valor da entidade e que, canto antes se vendera, mais se podería obter por ela.

Pero, si foi certo, como sinalou no seu momento o FROB, que se saneou o balance da entidade, si se traspasaron os activos tóxicos á Sareb, si a entidade tiña voltado a beneficios, e si o propio Ministerio de Economía recoñecía que José María Castellano estaba facendo un bo traballo e as previsións eran que comezara xa a recuperación económica en España, Galicia incluída, non se entendía a urxencia, como os socialistas denunciámos no seu momento. Mesmo o *New York Times* criticou as presas de Luís de Guindos por vender a entidade galega.

Os axentes económicos que interviron no proceso foron moitos, dous bancos de inversión, *BNP Paribas*, o encargado da venda, e *Nomura*, coautor do informe de *McKinsey*, dúas consultoras, la citada *McKinsey* e *PwC*, responsable da “due diligence” da entidade, e unha auditora, *Mazars*,

Grupo Parlamentario

para elaborar, ante ás presións dos posibles compradores, un informe independente das posibles perdas esperadas.

Neste contexto de gravísimas perdas para os fondos públicos, e segundo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e acceso á información pública, o FROB está suxeito a obriga de dar a información que se lle requira, segundo os artigos 12 e 13.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España os diferentes informes técnicos que levaron a venda de NovaGaliciaBanco ao grupo venezolano Banesco, dando traslado dos mesmos á Cámara galega e, nomeadamente, á Comisión de Investigación para analizar e avaliar a evolución económico –financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex - directivos.

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Juan Carlos González Santín
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/12/2014 10:26:29

Juan Carlos González Santín na data 12/12/2014 10:26:36

José Antonio Sánchez Bugallo na data 12/12/2014 10:26:42

Jose Luis Méndez Romeu na data 12/12/2014 10:27:25

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, e da súa voceira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate Plenario**, relativa á **demanda de pais e nais do barrio do Porto en Bertamiráns para ter servizo de transporte escolar gratuito para que seus nenos e nenas podan desprazarse ao IES plurilingüe de AMES**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte escolar xunto co servizo de comedor forma parte do que se dá en chamar servizos educativos complementarios, mais en realidade van máis aló de seren un complemento: son parte esencial do sistema público da educación, en tanto que elementos formativos, transmisores de valores de socialización, baseados na cooperación e no diálogo.

Son, polo tanto, piares do dereito básico á educación. Transporte e comedor escolar deberan ser plenamente gratuítos, os dous, xa que son fundamentais no principio redistributivo, na igualdade educativa e a súa provisión debe contribuír a unha educación pública de calidade.

Sabemos xa da teima do PP, denunciada en múltiples ocasións por AGE, para introducir normas que atacan o principio de gratuidade, obrigando a que a cidadanía galega pague por xantar na escola, apelando a principios de dubidosa xustificación ética e que entroncan coa filosofía neoliberal de procurar nichos de beneficios para empresas privadas, xa que, ao mesmo tempo que se establece o pago de taxas, entrégase a

empresas privadas o servizo das comidas que o fan empregando cátering, moitas veces nunhas condicións impropias, que teñen máis que ver coa necesidade da empresa de xustificar as súas contas ca de garantir un servizo público, obriga esta que debe estar única e exclusivamente en mans da Administración Pública.

O transporte escolar, considerando a orografía e a climatoloxía galega é esencial para nenos e nenas. Mais tamén para favorecer a conciliación familiar coa profesional ou laboral...amais de reducir a presenza de tráfico rodado nas estradas e nos arredores dos centros educativos, rebaixándose así a perigosidade para nenos e nenas en idade escolar.

A crise está sendo empregada pola Consellería de Educación como coartada para ir degradando o servizo público da educación, suprimindo aulas, non contratando profesorado, reducindo o principio da atención á diversidade, e atacando os servizos educativos coma o de comedor e agora o do transporte, poñendo impedimentos e eliminando liñas e paradas.

É o que acontece con pais e nais de nenos e nenas do barrio do Porto, da localidade de Bertamiráns, no concello de Ames, que contaban, ate hai poucos anos, con transporte escolar para trasladarse o *IES plurilingüe Bertamiráns*. Neste inicio de curso se lles comunicou ás familias que quedaban sen o servizo de transporte debido a que non había prazas suficientes.

Os pais e nais afectados pola supresión do servizo recolleron sinaturas e acadaron reunirse con Indalecio Cabana, xefe territorial de A Coruña, que amosou unha actitude prepotente, empregando argumentos prexuizosos e chantaxeando mesmo ás familias sobre as repercusións das súas demandas no resto do transporte escolar que se oferta para ir ao IES.

O mesmo Indalecio Cabana empregou o argumento quilométrico para xustificar a supresión do servizo, mais segundo as medicións da propia policía local de Ames hai unha distancia superior aos dous quilómetros, non sendo menos importante que o

decreto 203/1986, de 12 de xuño, regulador do transporte escolar establecía que *“excepcionalmente, por causas de especial incomodidade ou dificultade, a Consellería de Educación poderá autorizar a prestación do transporte, aínda que non se cumpran os requisitos esixidos”*.

Para AGE, que tivo ocasión de escoitar aos representantes das familias afectadas, resulta evidente que as causas excepcionais se producen no caso dos alumnos e alumnas do Porto, xa que o barrio do Porto queda fóra do núcleo de Bertamiráns e o desprazamento a pé conlevaría un prexuízo enorme para estes nenos e nenas debido ás adversas condicións climáticas de Galicia, con choivas e frío.

Por estes motivos o **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, presenta a seguinte **proposición non de Lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta de Galicia a:

1. Garantir o transporte escolar gratuíto para atender as necesidades dos nenos e nenas das familias residentes no barrio do Porto para poder desprazarse ao IES Plurilingüe de Ames.

Compostela, 12 de decembro de 2014

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/12/2014 12:23:38

Jose Javier Ron Fernandez na data 12/12/2014 12:23:41



Ramón Vázquez Díaz na data 12/12/2014 12:23:47

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentario de **Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández** e ao traveso da súa vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**, relativa ó establecemento dun “**programa de almorzos saudables**” nos centros de ensino público de Galicia

Exposición de motivos

O comedor escolar dos centros de ensino públicos de Galicia é un servizo fundamental para as familias.

En primeiro lugar por que representa o único xeito de garantir o dereito a educación e o acceso ao ensino obrigatorio, sobre todo para aquel alumnado transportado que non pode comer no seu fogar.

En segundo lugar, por tratarse dun servizo esencial para a conciliación da xornada laboral das familias coa xornada escolar dos seus fillos e fillas.

En terceiro lugar, o comedor escolar supón unha garantía para que aquelas familias con menos recursos podan dispor dunha alimentación equilibrada e de calidade para os seus fillos e fillas.

Tres motivos que por si só, determinan a necesidade de potenciar o servizo de comedor como unha prestación pública esencial, ampliando a súas funcións e cobertura para que alcance a todo o alumnado que o precise.

No caso das familias traballadoras con fillos a cargo, resulta unha misión case imposible axustar o horario de entrada e saída escolar coa xornada laboral. De feito a maior parte das familias, vense obrigadas a recorrer a familiares ou a contratar a persoas para poder levar aos seus fillos a escola, convertendo nunha odisea o día a día do período

lectivo. Unha odisea que se complica mais aínda no caso das familias con menos recursos económicos ou con xornadas laborais mais extensas.

Nos son poucos os casos de cónxuxes que renuncian o necesario posto de traballo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral, afectando este feito de xeito especial ás mulleres traballadoras.

Resulta evidente a necesidade de reorganizar o mercado laboral, centrado unicamente no aumento da produtividade e na mellora da competitividade, para acadar unha nova organización do sistema social e económico, onde homes e mulleres podan facer compatibles as diferentes facetas da súa vida; o emprego, a familia, o ocio e o tempo persoal.

Urxen pois actuacións públicas decididas que contribúan a construír unha sociedade onde homes e mulleres podan desenvolverse en tódolos eidos vitais, progresando profesionalmente, atendendo ás responsabilidades familiares e podendo gozar do tempo familiar e persoal. Estas medidas permitirían acadar unha sociedade mais xusta e equilibrada, mais feliz e cohesionada.

Estes cambios estruturais no noso modelo de sociedade, deben de vir acompañados de políticas públicas de impulso dos servizos de atención e coidado dos menores en todas as etapas escolares, sobre todo na de 0 a 3 e no ensino obrigatorio, mais estas medidas deben prestar especial atención a excesiva institucionalización á que, en ocasións, se ven sometidos os nenos e as nenas. Nenos e nenas que en moitos casos ven completada a súa xornada escolar cun número excesivo de horas complementarias de atención educativa e extraescolar.

Son moitos os concellos que veñen organizando programas de comedor chamados “Madrugadores”, para aquelas familias cuxa hora de entrada ao traballo impide levar aos seus fillos a escola, asumindo as competencias propias da Conselleira de Educación. Con todo, este esforzo das entidades locais, non está a cubrir a demanda e as necesidades existentes no noso país.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte proposición non de Lei para o seu debate en pleno:

- O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a establecer un **programa de almozos saudables nos centros de ensino públicos** que posibilite a conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais con menores a cargo en idade escolar.

En Compostela, 12 de decembro do 2014.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 12/12/2014 12:41:06

Jose Javier Ron Fernandez na data 12/12/2014 12:41:09

Yolanda Díaz Pérez na data 12/12/2014 12:41:14



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, ao través das súas deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa a posta en funcionamento do centro de día de Cuntis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Anos após da súa construción o centro de día de Cuntis resta pechado, comesto pola ferruxe do desleixo do poder respecto das necesidades sociais da nosa cidadanía.

No verán do ano 2011 licitouse esta infraestrutura realizada no tempo do bipartito como centro de día cunha capacidade de 40 prazas e un investimento de preto de 1 millón de euros para desenvolver unha atención terapéutica integral promovendo a autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia na contorna habitual das persoas usuarias.

Hoxendía o centro resta sen abrir malia as inxentes necesidades sociais en materia de dependencia e benestar insatisfeitas. Hoxendía desbótanse as voces plurais que demanda unha xestión eficaz e xa que logo a apertura deste equipamento social. Hoxendía estamos a desbaldir cartos públicos investidos nunha infraestrutura pechada.

Xa que logo, o grupo parlamentar da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver as actuacións oportunas para pór en funcionamento este centro en réxime de xestión directa con carácter de urxencia.

Compostela, 15 de decembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 15/12/2014 11:28:19

Eva Solla Fernández na data 15/12/2014 11:28:22



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela** e da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a levar a cabo as medidas oportunas para preservar e por en valor as carpinterías de ribeira do Paseo da Seara (Moaña).

Ven de facerse público que a execución do proxecto de Paseo da Seara está en fase de licitación por un importe de 420.000 euros. O significativo é que o proxecto redactado contempla derrubar unha parte significativa dunha das dúas carpinterías de ribeira que conforman a zona marítima pola que discorre e que incluso chega a cegar a saída de embarcacións para poder acceder a estes estaleiros que no día de hoxe utiliza a Asociación de Recuperación de Embarcacións Tradicionais, Sueste.

Esta información contrasta coa información que ten trasladado o alcalde de Moaña, no sentido de que dito proxecto ía ser reformado para preservar as carpinterías, cumprindo así o que o pleno de Moaña lle pediu, cando rexeitou por maioría a anterior proposta, que lonxe de corrixir mantiña o paseo nas mesmas condicións a expensas de condenar a desaparecer este elementos patrimoniais que cuxos usuarios veñen reclamando que deben pasar a uso público para a súa conservación e posta en valor.

Debemos recordar que a asociación Sueste ven utilizando o estaleiro de Carlagho dende dende o ano 2002 e o estaleiro de Casqueiro dende o ano 2009 no que asinou un convenio de uso cos actuais concesionarios. Usos que van dende o mantemento de embarcacións, construción de novas, realización de campos de traballo e de campamentos xuvenís, atención a grupos de escolares e de adultos, exposicións, recitais, presentación de libros, e un longo etcétera.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un patrimonio que ven sendo avalado por diferentes colectivos sociais de Moaña e pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, formada por 47 asociacións que trasladou o seu apoio publicamente, o pasado día 15 de novembro para traballar pola preservación destas carpinterías de ribeira, a súa posta en valor como patrimonio cultural e industrial, testemuña dunha parte da historia económica e cultural do litoral galego e do pobo de Moaña.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a levar a cabo as medidas oportunas para preservar e por en valor as carpinterías de ribeira do paseo da Seara (Moaña).”

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 15/12/2014 18:12:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/12/2014 18:12:36

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate plenario**, relativa aos datos de desafiuzamento rexistrados na última estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial.

“A cada pouco máis voces. Esta é a nosa voz: unha voz múltiple, plural, aprendida paso a paso, con dificultade. Unha voz na defensa da vivenda. A vivenda é un ben básico, un dereito, dicimos, que ten que ser recoñecido de maneira universal. Co teito non se negocia. A casa non se expropia. A vivenda non se usurpa. A usura e os dereitos son dúas realidades tan irreconciliables coma o rato e o gato. Os dereitos son a nosa voz.” Queremos expresar o noso apoio ás mobilizacións que este vindeiro día 18 convocan as plataformas de afectados e afectadas pola hipoteca e os colectivos Stop desafiuzamentos galegos diante da criminalización dos movementos sociais e a súa represión por parte dos gobernos. Vala este parágrafo do manifesto unitario para alentar unha loita lexítima.

A publicación neste decembro da recuperación, na desmesurada afirmación do presidente do goberno central, da estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial relativa aos procesos de lanzamentos e execucións hipotecarias permite constatar que este crime social continúa a ferir as posibilidades de ter unha vida digna de centos de familias galegas cada trimestre.

Os datos son claros:

	3º trimestre 2014	3º trimestre 2013	porcentaxe de variación
A Coruña	180	181	-0,6%
Lugo	44	51	-13,7%
Ourense	31	43	-27,9%

Pontevedra	184	158	+ 16,5%
------------	-----	-----	---------

Se no terceiro trimestre do ano 2013 os lanzamentos practicados foron un total de 433, no terceiro trimestre deste ano sumaron 439. Curiosa maneira práctica de recuperarnos da crise.

O desglose dos lanzamentos ben por procedementos de execución hipotecaria ou derivados da lei de arrendamentos ofrece estes dados:

	Derivados de execucións hipotecarias 2014-2013	Derivados da lei de arrendamentos 2014-2013
A Coruña	60 – 52 (13,3%)	104 – 123 (-15,4%)
Lugo	10 – 19 (-47,3%)	24 – 32 (25%)
Ourense	10 – 6 (40%)	21 – 37 (-43,2%)
Pontevedra	55 – 44 (16,3%)	211 – 105 (50,2%)

O volumen de execucións hipotecarias presentadas segue a ser moi significativo aínda que se reduce aproximadamente un 20%, para sumar 464 presentadas neste terceiro trimestre.

Relevante da fondura e extensión da problemática e que tras un sexenio da crise Feijóo, con milleiros de familias que viron como lles arrebatában a súa casa, segue a crecer o número e a porcentaxe das familias que perden as súas vivendas, neste caso nun 1,3% no que atinxe aos lanzamentos practicados.

Seguen a ser inútiles e insuficientes os mecanismos para previr os lanzamentos e para dar unha resposta que garanta que esas familias non resten na rúa. Seguen no limbo do desinterese as 500 vivendas prometidas para evitar que un desafiuzamento deixara na rúa a unha familia. Segue a ser unha incógnita para que vale un programa como o Reconduce. Segue a ser un escándalo que a Xunta renuncie a convenir co Sareb un parque de vivenda social para familias ameazadas de exclusión. Segue a ser a marca de fábrica Feijóo que cada trimestre varios centos das familias galegas perdan a súa vivenda.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a actuar de maneira urxente para garantir que as 500 vivendas que o presidente da Xunta comprometerá que se ían adicar a atender ás familias desafiuzadas sexan efectivamente entregadas.

- O Parlamento Galego insta á Xunta a actuar de maneira urxente para conveniar co Sareb a cesión das vivendas baleiras desta entidade para adicalas á constitución dun parque social de vivenda que atenda ás necesidades nesta materia das galegas e galegos, en particular aqueles que a causa dun lanzamento restan sen poder procurarse este ben social.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que reclame do goberno central unha norma que decrete unha moratoria universal en todos os procesos de desafiuzamentos que recaian sobre as vivendas de uso habitual.

Compostela, 16 de decembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/12/2014 17:30:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Comisión Europea ven de dar un tremendo varapau ao documento para o PDR 2014-2020 que enviou a Xunta de Galicia o pasado verán, a través dun escrito con 414 recomendacións, nos que incide na ausencia dun proceso participativo cos axentes sociais, na súa elaboración.

A carta enviada dende a Comisión Europea fala de problemas graves observados no Programa de Desenvolvemento Rural enviado pola Xunta de Galicia e esixe información adicional para poder facer a avaliación previa, e que se teñan en conta as observacións que se envían.

A lectura das recomendacións evidencia que a redacción do documento enviado pola Xunta de Galicia non foi elaborado coa mínima riguroxidade esixible para un documento que é básico para a política agraria galega dos próximos 7 anos.

Ademais da necesidade de que sexa a través dun proceso participativo cos axentes sociais como organizacións agrarias, ONGs, etc, denuncia que non se inclúe a avaliación feita no periodo anterior como base para tomar decisións ao respecto da axudas e liñas a desenvolver, ausencia que xa temos manifestado no Parlamento galego.

Outra das cuestións importantes que se atopan nas recomendacións é algo tan obvio coma que o PDR galego non tiña en conta o final do sistema de cotas no sector lácteo, e polo tanto esixe que se analice nomeadamente como afectará a liberalización ás explotacións pequenas, cuestión que xa debería ser obvia para calqueira goberno que governe cun mínimo de seriedade.

Fai unha crítica severa á análise DAFO realizada, como por exemplo, cando sinala como un defecto que non se contemplan como “debilidades” a alta taxa de desemprego ou que só o 10 % dos montes teñan plans de xestión.

O documento denuncia que non se plantexa o asesoramento para a innovación, bota en falla un programa que reduza a burocracia aos labregos, unha política específica para as zonas de montaña, máis medidas para a mitigación do cambio climático, denuncia que non se tivo en conta na redacción a Directiva Marco da Auga, que non se aproveita o gran potencial da agricultura ecolóxica para a definición de estratexias e un longo etc de recomendacións e chamadas ao orde que fai a Comisión Europea.

A falla de rigor é observada pola Comisión Europea en numerosas ocasións, pero é especialmente patente cando fala de que no PDR a Xunta de Galicia identifica como fortaleza a calidade da auga, mentras que a información recollida no plan de xestión da conca hidrográfica sinalase que aproximadamente unha de cada tres masas de auga superficiais da conca presentan importantes presións de contaminación difusa.

Éstes son só exemplos das moitas eivas observadas pola Comisión Europea ao texto enviado pola Xunta de Galicia.

Sexa cal sexa o texto proposto, é fundamental a implicación na súa definición de todos os axentes necesarios para o desenvolvemento rural, dende organizacións agrarias a grupos de desenvolvemento rural, pasando por organizacións ecoloxistas e ONGs.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Que de xeito inmediato deseñe un plan para un proceso participativo para a elaboración do Programa de Desenvolvemento Rural para o periodo 2014-2020, no que participen organizacións sindicais agrarias, ONGs, grupos de desenvolvemento rural, e demais colectivos necesarios para a súa elaboración, e se presente no Parlamento galego á maior brevidade posible.

- 2) A proposta de Plan participativo debe especificar os actores participantes, cronograma e formato de presentación do documento de conclusións.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 16/12/2014 18:03:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa do seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

O empobrecemento do país dende a toma do poder por parte dos sicarios do capital, o partido popular, trouxo medidas de austeridade pensadas soamente no marco do beneficio das grandes corporacións e os mercados financeiros que teñen producido un desastroso resultado no mercado laboral, caracterizado por unha forte destrución de emprego e un espectacular incremento da precariedade dende a base da redución dos salarios e os dereitos laborais

Esta situación leva á desprotección dun elevadísimo número de persoas que se prolonga no tempo e se convirte en insostible; insostible é a situación polo que xa son case o 50% os desempregados e desempregadas sen ningún tipo de prestación, situación que os sumerxe na pobreza e no abismo da exclusión social.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Reclamar do goberno central a implementación de medidas de apoio ós desempregados de xeito que cubra a todos os desempregados mediante prestacións sociais.

Segundo.- Implementar as medidas oportunas para garantir que todos os traballadores e traballadoras do país teñan unha remuneración suficiente para satisfacer as súas familias.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2014.

Asdo: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/12/2014 19:32:27

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/12/2014 19:32:32

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e da súa voceira, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**, relativa a **instar ao goberno do Estado a que suprima os transportes aéreos ou terrestres de deportación forzada de persoas estranxeiras e a que cese a persecución policial á que están sometidas**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mañá, 18 de decembro de 2014, terá lugar a conmemoración do Día Mundial das Migracións, nun contexto insoportable para a democracia no noso país, tal como é a existencia da disposición adicional décima introducida na aprobación da que xa se coñece como **Lei Mordaza**, a *Lei Orgánica sobre protección da seguridade cidadá*, debido ao ataque que representa a diferentes dereitos consagrados na Constitución Española. Dita disposición adicional décima pretende dar rango de lei á “devolución en quente”, o cal vulnera todos os tratados internacionais de protección dos dereitos das persoas migrantes.

Mañá, ademais, o goberno español conmemorará a súa política de hospitalidade e de protección dos dereitos das persoas migrantes dispoñendo dous voos de deportación forzada de persoas migrantes cara a Mali e Senegal. Preto de 400 persoas, só polo feito de estar ou quedarse en situación de irregularidade administrativa, serán deportadas mañá. Para encher estes voos, tal como declararon as autoridades da subdelegación do goberno en Coruña, nunha xuntanza á que asistiu o deputado de AGE, Xabier Ron, acompañando ao Foro Galego de Inmigración, por cuestións de “eficiencia”, nos días previos actívanse controis e redadas racistas selectivas. Isto é, veciños e veciñas con residencia en Galicia, algúns e algunhas con varios anos de residencia, vense sometidos a unha persecución policial racista inadmisíble en democracia só para cubrir as prazas dos voos de deportación previstos. Persoas que son tratadas de forma violenta polas propias forzas

de seguridade cando insisten en defender os seus dereitos.

Nese afán de encher voos, o *Foro Galego de Inmigración* denuncia, ademais das identificacións racistas en espazos públicos de uso habitual como estacións, centros de saúde, etc., que as persoas migrantes son perseguidas polas forzas de seguridade do estado ate no propio domicilio, cando, por exemplo, empregadas de fogar, intentan regularizar a súa situación administrativa.

Desde logo, estamos ante unha circunstancia terrible que non pode recibir o amparo do goberno da Xunta de Galicia. Os dereitos humanos de veciños e veciñas que residen en Galicia, nalgún caso desde hai anos, non poden verse sometidos a esta persecución brutal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda propón para o seu debate en Pleno a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1) Esixir ao goberno do Estado a que suprima os transportes aéreos ou terrestres de deportación forzada de persoas estranxeiras.

2) Reclamar ao goberno do Estado que os seus representantes en Galicia cesen todo tipo de persecución policial e que non poñan en marcha procedementos policiais destinados a cubrir as prazas de ditos voos.

Compostela, 17 de decembro de 2014

Asdo Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 17/12/2014 13:41:36

Ramón Vázquez Díaz na data 17/12/2014 13:41:47



Yolanda Díaz Pérez na data 17/12/2014 13:41:52

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Francisco Caamaño Domínguez, Vicente Docasar Docasar e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Instituto Galego de Estatística vén de poñer de relevo na súa última enquisa a forte caída do uso do galego entre as mozas e os mozos de Galicia. Ante tan preocupante dato, o presidente da Xunta alegou que ese retroceso histórico no uso da nosa lingua nada tiña que ver co xiro operado polo seu Goberno no eido da política lingüística, implantando o chamado “bilingüismo cordial”, marxinando o galego na escola e reducindo sistematicamente os recursos orzamentarios.

No seu dicir, a causa dese dramático descenso é responsabilidade exclusiva das familias e aos movementos demográficos.

Sorprendidos por tales declaracións o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que deixe de incriminar aos pais como responsables do descenso do número de galego falantes, especialmente entre a xente máis nova e derroque de inmediato o chamado Decreto do plurilingüismo que reduce as horas de ensino en galego, e asuma e poña en marcha o Plan de normalización lingüística aprobado por todas as forzas políticas e un amplo consenso.

Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 17/12/2014 18:10:24



 Grupo Parlamentario

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 17/12/2014 18:10:32

María Concepción Burgo López na data 17/12/2014 18:10:41

Jose Luis Méndez Romeu na data 17/12/2014 18:10:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as actuacións en relación coas garantías para acadar unha depuración e saneamento integral das rías galegas.

Galiza conta con máis de mil setecentos quilómetros de costa. Somos a comunidade peninsular con mais quilómetros de litoral e cun ecosistema único como son as nosas rías, que destacan pola súa diversidade e produtividade. Na área litoral existe unha importante presión demográfica e relevante actividade económica; de feito, máis da metade da poboación galega reside neste ámbito e o 69% dos ingresos das empresas de Galiza realízanse en empresas instaladas na costa.

Porén, a pesar da importancia social, medioambiental e económica do noso litoral a Xunta de Galiza ten desatendido as súas obrigas en materia de depuración e saneamento integra das nosas rías e presenta un atraso considerábel neste ámbito. Sirva como exemplo que dúas grandes cidades (Santiago e Vigo), que deberían ter depurado as augas antes do ano 2000, aínda non teñen solucionado este problema, que seguen existindo graves problemas en Ferrol, en Coruña ou Corcubión ou a nova denuncia da Comisión Europea ante o Tribunal de Xustiza da UE do Estado Español pola situación da ría de Pontevedra. Unha mostra do desleixo da Xunta e da discriminación do estado neste ámbito con Galiza.

Para o BNG a Xunta debera priorizar as actuacións destinadas a acadar un saneamento e depuración integral das nosas rías, conscientes da súa relevancia do punto



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

de vista ambiental, social, cultural e económico. Con esta finalidade o G.P. do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza adopta como resolución:

1. Recusar ao Goberno Galego e ao Goberno do Reino de España polo incumprimento das obrigas legalmente establecidas en materia de depuración e no relativo á calidade das augas das rías galegas.

2. Acorda declarar como estratéxicas e prioritarias as actuacións destinadas a conseguir a depuración integral das rías galegas e acadar un bo estado das súas augas.

3. Constituír, conforme ao establecido no Regulamento da Cámara, unha comisión non permanente de seguimento da situación das rías galegas que trimestralmente será informada pola Xunta de Galiza sobre: a) as análises de calidade das augas das rías galegas; b) actuacións en marcha para garantir saneamento e depuración integral e nivel de execución das mesmas; c) informe sobre os puntos de vertido autorizados, inspeccións sobre o cumprimento dos niveis de vertedura autorizados e vertidos ilegais localizados.

O Parlamento insta á Xunta de Galiza:

1. A realizar as actuacións pertinentes para conseguir un saneamento e depuración integrais das rías galegas e cumprir a normativa vixente e o bo estado da calidade das augas antes de que remate a actual lexislatura.

2. Remitir no prazo máximo dun mes un informe ao Parlamento de Galiza no que se analice a situación das rías galegas, os niveis de contaminación e as actuacións realizadas ou previstas para garantir un bo estado das súas augas, así como as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións en marcha para garantir saneamento e depuración integral e grao de
execución das mesmas.”

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2014

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/12/2014 18:22:08

Daniel Rodas Chapela na data 17/12/2014 18:22:14



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a reclamar do Goberno español a modificación do actual modelo de taxas para as embarcacións artesanais que provoca que sexa desproporcionada con respecto aos ingresos que teñen.

O sector pesqueiro está sometido a unha perda do poder adquisitivo, das rendas que obteñen pola diminución das capturas pero tamén polos baixos prezos que está a alcanza durante a crise a venda dos produtos da pesca.

Mentres baixan os ingresos aumentan os gastos de explotación, por medio das diferentes taxas a que se ven sometidos por unha normativa española, moitas veces de costas á propia realidade da pesca galega.

Moitas das nosas embarcacións deben cumprir cunha normativa estatal pola cal vense na obriga de mercar o material de seguridade e cada ano debe proceder a súa revisión, sendo en moitos casos desproporcionada e excesivamente caro. Entre o material obrigatorio cabe destacar: balsas salvavidas, kit de bengalas de auxilio e salvamento, radiobalizas, botiquín, extintores, chalecos autoinchables con radiobaliza, revisión do equipo de VHF, etc.

A isto debemos engadirlle os custes dos seguros para os tripulantes e o seguro da propia embarcación, os custes de mantemento da embarcación e combustible, o que pon os custes da actividade nuns parámetros altamente custosos para a actividade económica desenvolvida.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora debemos incluír a obrigatoriedade de incorporarse ao Sistema Red, que permite acollerse a seguros sociais a través de internet e o seu pago a través de medios telemáticos, traballo que ata agora viña realizando o ISM, o que obriga aos pequenos armadores a contratar o servizo a través dunha xestoría ou facelo vía telemática a través de internet.

Todos estes gastos obrigatorios de material de salvamento veñen estimados polo sector en aproximadamente 1.500 euros para unha embarcación tipo de menos de 12 metros e con tres tripulantes a bordo aos que poderíamos engadirlle outro tipo de taxas como de faros e sinais, marpol, etc, o que reflicte un modelo impositivo onde está sometido a maiores taxas aqueles colectivos máis desprotexidos e que menos rendas alcanzan.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a súa resposta oral en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a reclamar do Goberno español a modificación do actual modelo de taxas para as embarcacións artesanais que provoca que sexa desproporcionada con respecto aos ingresos que teñen.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2014

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 18/12/2014 13:04:29

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/12/2014 13:04:35

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa a dotar ao estaleiro de Navantia Fene dos investimentos produtivos e a plantilla suficiente para incorporarse de novo ao mercado da construción naval civil pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non sabemos a que esperan os gobernos do PP, na Xunta e no Estado, para acometer as actuacións investidoras necesarias para situar de novo ao estaleiro de Navantia Fene como o referente mundial que foi na construción civil pública. Investimentos que reportarán creación de emprego e dinamización económica, constituíndo unha nova oportunidade para o desenvolvemento de base industrial avanzada que precisa Ferrolterra.

Semella paradoxal que cando remata o inxusto e devastador veto, retornen as voces que pretenden dividir e privatizar ao estaleiro público con proxectos sobre os que non hai transparencia e que actúan como elemento de diversión respecto o que ten que ser tarefa dun goberno que ouse ter neste tema do veto “un pouco de honradez” segundo deixara anotado na súa fábula das abellas Mandeville. Astano ten que construír barcos civís porque remata o veto e como empresa pública que é ten que ser subvenida polo Estado para dispor de todas as capacidades produtivas para esa finalidade que é a construción civil pública.

As perspectivas do mercado mundial de construción de buques son positivas, cando gaña peso o transporte marítimo e coa perspectiva da apertura da nova canle de Panamá e en atención a situación estratéxica - iso si, pesimamente defendida polos gobernos central e da Xunta – do noso país no corredor atlántico.

Por todo elo, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que reclame do goberno central os investimentos económicos e a ampliación de plantilla necesarios en Navantia Fene para desenvolver un complexo industrial naval integral nos estaleiros públicos da ría de Ferrol.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que desbote, e actúe con todo o seu peso nese sentido, calquera manobra que fragmente ou privatice o estaleiro público fenés.

Compostela, 18 de decembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/12/2014 14:09:27

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada e voceira, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno** sobre a habilitación de salas infantís nas dependencias dos Xulgados.

Xeralmente as dependencias dos Pazos de Xustiza e Xulgados, son herdeiros na estética de épocas non democráticas e da arquitectura racionalista e sobria reflexo das mesmas. A pesar de sufrir adaptacións ao longo dos anos, estes lugares seguen a ser incómodos e inhóspitos para os cidadáns, pero son especialmente imponentes e perturbadores para os menores que acoden a eles.

Non existen espazos axeitados e adaptados para os menores, e por elo adoitan ser lugares intimidatorios que dificultan a labor para con estes.

Tendo en conta as especiais circunstancias polas que un neno pode ter que ir a un xulgado consideramos que os mesmos deberían ser dotados con espazos amables, axeitados para menores, versátiles; que sirvan tanto como salas de agarda, como unidades para a exploración das vítimas de abusos ou para a súa declaración xudicial; así como para o traballo dos psicólogos e demais persoal especializado no tratamento dos menores. Espazos que nun ámbito e clima de confianza, dotados de sistemas de vídeo, permitan manter a comunicación co tribunal e incorporar o testemuño d@s nen@s ao procedemento.

Especialmente importantes serían estes lugares para que presten declaración os menores nos procedementos xudiciais nos que sexan vítimas de abusos sexuais, ou de malos tratos, co fin de impedir que a vítima coincida no xulgado

co seu agresor, evitando así, unha "vitimización secundaria ou reiterada" orixinada cando teñen que ver aos seus maltratadores.

Por todo o anteriormente exposto presentase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A que se habiliten nos xulgados do noso país, salas axeitadas para o tratamento de menores que participen nalgunha causa xudicial.
2. Que as salas sexan dotadas do persoal especializado na súa atención.
3. Que ditas salas contén co mobiliario axeitado para ser espazos amables e non hostís cos menores.
4. Que se equipen ditos espazos con tecnoloxía axeitada tipo videoconferencia ou outras canles axeitadas, para evitar o contacto visual das vítimas cos agresores e que facilite o contacto non presencial co tribunal.


Pazo do Parlamento a xoves, 18 de decembro de 2014

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 18/12/2014 14:58:51





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á construción de vivenda protexida no entorno do casco histórico de Santiago de Compostela.

En Santiago de Compostela, no espazo onde conflúen a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba, a tan só 350 metros da Praza do Obradoiro, o Instituto de Vivenda e Solo (IGVS) conta cunha parcela en propiedade de 1.603 metros cadrados valorada en 2,9 millóns de euros.

Esta parcela ía ser decida a construción de vivenda protexida en virtude dun acordo de 2003 entre a Xunta de Galiza e o Concello de Santiago. O proxecto inicial pretendía construír 40 vivendas (31 estudos e nove apartamentos de dúas habitacións) pensadas para mozos e mozas de menos de 35 anos e en réxime de alugueiro por un tempo máximo de dez anos e sen dereito a compra.

Esta medida pretendía evitar especulación, sobre todo, introducir vivenda protexida na malla urbana como elemento de cohesión social e de valorización da propia figura de vivenda protexida que, na maioría das ocasións, queda relegada á periferia das cidades.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A Xunta de Galiza, en desenvolvemento deste acordo, optaría por convocar un concurso de ideas para a escoller o mellor proxecto posíbel para un ámbito especialmente sensíbel. Finalmente, resolveríase en novembro de 2009 xa con Feijóo en San Caetano, pero non se chegaría a materializar. Con todo en setembro de 2010, o IGVS pediría licenza ao Concello para executar o proxecto e en febreiro de 2011, os técnicos municipais emitirían un informe desfavorábel no que apuntaban a unha serie de deficiencias, en principio subsanábeis. Porén, neste trámite a Xunta paralizou este proxecto ate hai uns días nos que se anuncia unha permuta desa parcela por outras parcelas (de valor moito inferior) que o IGVS ten no SUNP-12 de Lamas de Abade a través dun concurso público. Segundo a información difundida publicamente a a empresa adxudicataria de dito concurso deberá construír dous bloques (un de 12 e outro de 24 vivendas) de promoción pública nun prazo máximo de 30 meses e a cambio obterá a titularidade da parcela de Xoán XXIII e a posibilidade de edificar vivenda libre nela.

Para o BNG esta actuación é unha mostra máis de como o PP está máis pendente do negocio inmobiliario que de garantir o dereito á vivenda. Desde a chegada do PP á Xunta tense paralizado a política de vivenda e non hai ningunha iniciativa salientábel. De feito o goberno de Feijóo someteu a un recorte sen precedentes á política de vivenda, e desatendeu os cambios e propostas que neste ámbito ten realizado o BNG no Parlamento de Galiza.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a destinar a parcela que posúe o IGVS no espazo de confluencia entre a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba en Santiago de Compostela a construír vivenda protexida, impulsando o proxecto iniciado para construír 40 vivendas que serán ofertadas en réxime de alugueiro a menores de 35 anos.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2014

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/12/2014 17:04:03

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/12/2014 17:04:12

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da **Alternativa Galega da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate no Pleno**, relativa aos impagos aos procuradores da quenda de oficio de Ferrol e ulteriores medidas para regularizar os pagamentos e mellorar a súa contía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sofren os procedementos para facer efectiva a xustiza gratuíta e sofren os profesionais que se adscriben á quenda de oficio, en particular aqueles que son máis xóvenes e para os cales supoñen estes procedementos o fundamental da súa primeira clientela.

Os retrasos nos pagamentos por parte da Xunta das retribucións que lles corresponden aos profesionais da quenda de oficio son lamentablemente habituais, pero supoñen agora un escándalo e un agravio comparativo, toda vez que a uns vinte profesionais de Ferrol adebédanselles todo 2013 e 2014 e incluso pequenas cantidades do exercicio do 2012, unha media duns 3.000 euros por procurador. O afogo económico que lles provoca a Xunta supuxo que xa seis procuradores se deran de baixa, por canto os gastos mensuais fixos, rondan os 400 euros e os pagos da Xunta non chegan a tempo para soste-lo ese custo.

A xustiza gratuíta chegou ao noso ordenamento xurídico da man da Constitución republicana do 1931 e se recuperou no texto do 78 no artigo 119, que deixaba en mans da lexislación determinar casos e modalidades da mesma. Artigo desnaturalizado coa imposición das taxas na xustiza impostas polo goberno central coa anuencia dunha Xunta de Galicia, que non foi quen de erguer a súa voz en defensa dun dereito sen o cal detúrpase a calidade democrática deste réxime político. Mais a xustiza gratuíta é unha esixencia constitucional que os profesionais do turno de oficio fan posible e non poden recibir como compensación á súa tarefa, aos seus desvelos, o desleixo das institucións públicas.

Alén da problemática técnica alegada para xustificar o inxustificable dos retrasos e que deixa en evidencia as dificultades e incapacidades deste goberno para levar a bo porto a modernización dixital da administración de xustiza; con independencia diso cómpre garantir que non se podan aboar os pagamentos derivados da xustiza gratuíta con dous anos de retraso. Non é xusto, non é eficiente e alguén terá que asumir na Xunta de Galicia responsabilidades políticas por un retraso inxustificable.

A Xunta de Galicia ten que velar polo emprego dos cartos públicos, pola eficacia e eficiencia das partidas que neste caso achegan os recursos públicos para sufragar o turno de oficio. Partidas que son insuficientes e que cómpre modificar ao alza, porque tanto a adicada aos colexios de procuradores (800.000 euros) canto a da avogacía (9.200.000 euros) restan conxeladas dende o primeiro orzamento do PP tralo bipartito no 2010 cando os fixou neste contía.

En atención ao dito, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar as xestións oportunas para garantir o pagamento, con carácter urgente, dos servizos que se adebedan aos procuradores da quenda oficio do colexio de Ferrol.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a garantir a achega regular dos recursos económicos que permitan o pagamento aos profesionais inscritos na quenda de oficio nun prazo que non exceda o prazo dos 40 días após a xustificación polo Colexio da realización da actividade.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a aumentar as partidas orzamentarias adicadas a sufragar a quenda de oficio para mellorar as retribucións dos profesionais que fan posible co seu traballo o sistema da xustiza gratuíta.

En Compostela, 19 de decembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 19/12/2014 10:39:29

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O transporte metropolitano resulta ser, a día de hoxe, un modo de transporte atractivo para a cidadanía cando cumpre as premisas que animan e alentan a súa posta en funcionamento.

Rutas, horarios, acceso a destinos preferentes, redución de transbordos, simplicidade do pago, redución de tarifas, ..., son algunhas desas premisas que fan que o transporte metropolitano sexa atractivo ou non o sexa.

A súa implantación nalgúns áreas urbanas de Galicia, aínda con imperfeccións e carencias, ten amosado un uso crecente do transporte público pola poboación.

Uso crecente deste modo de transporte con incuestionables beneficios para as persoas, os territorios e o medio ambiente.

Neste contexto, a veciñanza de Ordes, a medio camiño entre A Coruña e Santiago, ten manifestado, dende hai tempo, a necesidade de dispor deste servizo.

Necesidade que nace das relacións laborais, comerciais, formativas, administrativas e mesmo lúdicas que a poboación de Ordes ten a diario coas urbes da Coruña e Santiago de Compostela.

Esta aspiración foi trasladada ao Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Mobilidade.

Grupo Parlamentario

Sen embargo, a comprensión inicial da administración, incluso o desenvolvemento dun proceso de negociación entre as partes, Concello de Ordes e Dirección Xeral da Mobilidade, que parecían albiscar un satisfactorio remate do proceso, non se ten producido a día de hoxe.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación permanece estancada dende hai varios meses sen que a Xunta de Galicia semelle ter avanzado no obxectivo de que Ordes teña transporte metropolitano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir o acordo entre o Concello de Ordes e a Dirección Xeral de Mobilidade mediante a cal Ordes quede integrada nas áreas metropolitanas da Coruña e Santiago.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2014

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 19/12/2014 12:06:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/12/2014 12:06:36

José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/12/2014 12:06:44

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/12/2014 12:06:53

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados Angel Camino Copa, José Manuel Balseiro Orol, Vidal Martínez-Sierra López, María Isabel García Pacín, Rosa Oubiña Solla, Jesús Miguel Prado Patiño, Moisés Blanco Paradelo e José Santiago Freire Abeijón, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

Segundo os datos ofrecidos polo cuarto Inventario Forestal Nacional para a Comunidade Autónoma de Galicia, 1,4 millóns de hectáreas da nosa superficie atópanse arboradas, das cales, os eucaliptais ocupan case 288.000 hectáreas. Se o comparamos co anterior rexistro, podemos concluír que a superficie desta árbore da familia das mirtáceas medrou de forma significativa en Galicia.

O artigo 67 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece nos apartados 4 e 5 as bases que regulan as reforestacións e novas plantacións co xénero *Eucalyptus*. Esta normativa debe ser obxecto dun maior desenvolvemento para a súa clarificación e regulación de tal xeito que se asegure a súa xestión sustentable, tal e como reflicte o artigo 76 da citada norma.

De acordo coa lei de montes de Galicia, os instrumentos de planificación forestal a nivel de distrito son os Plans de ordenación de recursos forestais. Estes plans especificarán, entre outros aspectos, a zonificación por usos e vocación do territorio, establecendo para cada zona os obxectivos, as compatibilidades e as prioridades. Tamén a lei contempla que os ditos plans farán unha análise da paisaxe existente no territorio.

A citada lei contempla que previamente á aprobación dos plans de ordenación de recursos forestais, pódense elaborar uns modelos silvícolas orientativos e referentes de boas prácticas por distrito forestal, para os efectos de permitir a adhesión de propietarios de montes particulares.

Na orde de 19 de maio de 2014 publicáronse os modelos de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

A referida orde indica os distritos forestais para os que son aplicables os diferentes modelos e, en concreto para os eucaliptos son:

- *Eucaliptus globulus*: Distrito I (Ferrol), distrito II (Bergantiños-Mariñas Coruñesas), distrito III (Santiago-Meseta Interior), distrito IV (Barbanza), distrito V (Fisterra), distrito VI (A Mariña Lucense), distrito XVI (Deza-Tabeirós), distrito XVII (O Condado-Paradanta), distrito XVIII (Vigo-Baixo Miño), distrito XIX (Caldas-O Salnés).
- *Eucalytus nitens*: Distrito I (Ferrol), distrito II (Bergantiños-Mariñas Coruñesas), distrito III (Santiago-Meseta Interior), distrito IV (Barbanza), distrito V (Fisterra), distrito VI (A Mariña Lucense), distrito IX (Lugo-Sarria) (excepto os concellos de Castroverde, Sarria, O Incio, Samos, Triacastela, Paradela, O Páramo e Láncara), distrito X (Terra Chá), distrito XVI (Deza-Tabeirós), distrito XVII (O Condado-Paradanta), distrito XVIII (Vigo-Baixo Miño), distrito XIX (Caldas-O Salnés).

Do exposto con anterioridade dedúcese que non en todos os concellos de Galicia se contemplan os modelos de xestión forestal orientativos para eucaliptais aos que poidan adherirse os propietarios, en concreto, non existen na montaña de Lugo nin en toda a provincia de Ourense.

A pesares do indicado con anterioridade, en concellos da provincia de Lugo, estase a observar nestes últimos tempos unha proliferación importante de plantacións de eucaliptos en zonas nas que antes non existían, cun cambio no entorno e na paisaxe que, segundo consideramos, non debería producirse, e para o cal sería necesaria impulsar unha regulación precisa.

Conscientes de que a demanda de madeira de eucalipto é moi importante e que constitúe unha relevante fonte de ingresos para os propietarios dos montes, sobre todo en zonas como A Mariña lucense, cómpre establecer unha ordenación no territorio deste recurso, que compatibilice eses intereses económicos cos usos do territorio e a paisaxe, chegando incluso a prohibir as repoboacións de eucaliptos naqueles concellos para os que non existan modelos silvícolas orientativos á fin de promover e asegurar a demanda que os mercados galegos necesitan doutras especies (carballo, castiñeiro, piñeiro,...), das que si existen modelos silvícolas para esas áreas forestais

Polo exposto con anterioridade,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a regulamentar as novas plantacións de eucaliptos en terreos forestais, para que, dunha maneira ordenada, se poida aproveitar este recurso.”

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/12/2014 12:45:07

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Angel Camino Copa na data 19/12/2014 12:45:18

José Manuel Balseiro Orol na data 19/12/2014 12:45:33

Vidal Martínez-Sierra López na data 19/12/2014 12:45:38

María Isabel García Pacín na data 19/12/2014 12:45:47

Rosa Oubiña Solla na data 19/12/2014 12:46:00

Jesús Miguel Prado Patiño na data 19/12/2014 12:46:04

Moisés Blanco Paradelo na data 19/12/2014 12:46:17

José Santiago Freire Abeijón na data 19/12/2014 12:46:28

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Francisco Caamaño Domínguez, Vicente Docasar Docasar e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

O día 17 de decembro deste ano un medio de comunicación advertía sobre o feito de que a auga se filtraba e estaba desfacendo a artística e exclusiva igrexa de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo). Este monumento sen parangón, considerado “*unicum*”, en tanto que non existe outra manifestación similar en todo o territorio do antigo imperio romano, foi catalogado como BIC no ano 1931. Trátase dun santuario tardorromano do século III-IV, dedicado á deusa Cibeles, dotado dun patio e unha cripta interior na que existe unha bóveda na que figuran uns murais nos que se representan diversos paxaros, o que lle confire un simbolismo e un primitivismo exclusivo en Galicia e España.

O estado de desleixo, a pesares dalgunhas obras de conservación feitas no pasado, é evidente, como o testemuñan as silveiras que se apoderaron dos seus muros exteriores.

As filtracións de auga e as humidades están a deteriorar a cripta e os murais pictóricos que a fan única sen que os responsables de protexer e vixiar o noso patrimonio cultural teñan adoptado medida algunha. Tratándose dun ben de valor singular e exclusivo é manifesto que non abonda con acometer obrar de reforma senón que compre contar cun plan de mantemento que garanta a conservación de tan extraordinario ben cultural.

Ante tan dramática situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación, de ser o caso, en pleno.

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que con carácter urxente inspeccione o estado no que se atopa o santuario de Santa Eulalia de Bóveda e proceda a adoptar cantas medidas sexan necesarias para a súa limpeza e conservación, elaborando un plan especial de mantemento e protección en colaboración coas demais administracións públicas competentes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 19/12/2014 12:53:41

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 19/12/2014 12:53:49

María Concepción Burgo López na data 19/12/2014 12:54:03

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/12/2014 12:54:09



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

A xestión sanitaria do PP durante estes anos significou o peche masivo de camas e unha redución de persoal. Así o denunciaron, en reiteradas ocasións, as plataformas en defensa da sanidade pública nas diferentes áreas sanitarias.

Agora as urxencias dos hospitais públicos de Vigo están ao borde do colapso total. Os centros sanitarios teñen unha afluencia masiva que obriga a que os e as pacientes estean nos pasillos. A situación é tan grave que entre o Hospital Meixoeiro e o Hospital Xeral máis de 30 camillas estaban nos corredores con pacientes. Ademais, os boxes de atención estaban cheos, en moitos casos con pacientes que deberían estar en camas de observación ou ben xa ingresados nas plantas do hospital pero que, por falta de prazas, non tiñan onde.

Os e as facultativos do Meixoeiro tomaron a decisión de convocar a folga por unanimidade. Reclaman que as noites dos martes, mércores e xoves haxa catro médicos en lugar de tres, como xa ocorre os luns e venres. Tamén piden que os fins de semana durante todo o día haxa cinco médicos no canto de catro. Como podemos observar son reclamacións para mellorar o servizos sanitarios aos pacientes.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, e ante a preocupación que vive a cidadanía da área sanitaria de Vigo, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Consellaría de Sanidade a dotar aos servizos de urxencias dos hospitais de Vigo do persoal e os medios necesarios para dar unha resposta de calidade aos e ás pacientes que ingresen neste servizo. Singularmente atenderase con carácter inmediato as reivindicacións do persoal de urxencias do Meixoeiro.”

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Montserrat Prado Cores

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 19/12/2014 14:30:04

María Monserrat Prado Cores na data 19/12/2014 14:30:11

Daniel Rodas Chapela na data 19/12/2014 14:30:15



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**., relativa á rehabilitación para a súa reapertura do matadoiro municipal do Carballiño.

O matadoiro do Carballiño, que é de titularidade municipal, viña prestando os seus servizos en toda a comarca en réxime de concesión a través dun grupo de carniceiros do concello do Carballiño e da súa comarca. Esta situación mantívose até setembro do ano 2012 no que se produciu un accidente relacionado cun estoupido nunha caldeira, sendo nese momento cando ademais abrollou o feito de que a concesión xa rematara.

O feito de estar rematada a concesión e a falta de concreción por parte do Concello en relación con cal ía ser o futuro do matadoiro, mesmo en relación coa súa continuidade, provocou a inhibición por parte dos carniceiros á hora de abordar os investimentos necesarios para poder realizar a reapertura nas debidas condicións de ditas instalacións.

Esta situación provocou o peche do matadoiro, coa conseguinte perda de 8 postos de traballo directos e cunha afectación moi grave aos carniceiros que xestionaban este servizo, máis tamén ao conxunto dos carniceiros da zona e ao conxunto da cidadanía.

Nos últimos meses o concello do Carballiño fixo diversos anuncios en relación con darlle un futuro uso ás instalacións de matadoiro, se ben a día de hoxe non existe



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningún avance concreto no relativo ás condicións da actividade e sobre todo en relación co financiamento das obras necesarias para a posta en funcionamento de dito matadoiro.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a importancia que ten na comarca do Carballiño a produción cárnica e o potencial que aínda se pode desenvolver nese ámbito, fai necesaria a existencia dun matadoiro moderno, con instalacións adecuadas e cos medios humanos e técnicos precisos para garantir todas as condicións de calidade, sendo unha instalación moi relevante para a dinamización económica.

Daquela consideramos que a posta en valor das instalacións debера ser un compromiso no que participen todas as administracións públicas con competencias e responsabilidades no ámbito do desenvolvemento económico. A reapertura do matadoiro non só sería relevante para o apoio á produción e transformación de produtos cárnicos na comarca, co conseguinte efecto positivo no emprego no sector gandeiro e na pequena industria de transformación, senón que permitiría recuperar os postos de traballo do matadoiro.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e deputado asinantes, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a realizar as seguintes actuacións en relación co matadoiro municipal do Carballiño:

1. Establecer un convenio de colaboración co Concello do Carballiño para avaliar os investimentos necesarios para a rehabilitación e posta en funcionamento do



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

matadoiro municipal, no que se defina a participación económica de cada unha das partes nas actuacións que resulten necesarias, así como dos prazos para a súa execución.

2. A resultas desa avaliación das necesidades de investimento se habiliten as consignacións orzamentarias precisas para poder realizar esas actuacións á maior brevidade posíbel.

3. Que se conciba esta infraestrutura como un elemento de dinamización do sector cárnico do concello e comarca, desde os puntos de vista da produción, transformación, distribución e venda, e que permita a recuperación, polo menos, dos postos de traballo existentes no momento do seu peche.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2014

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 22/12/2014 18:03:32

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/12/2014 18:03:37

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez e do deputado Xabier Ron Fernández, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao antigo cárcere provincial de A Coruña.

Exposición de motivos

A sentenza do tribunal contencioso número 3 falla en contra da decisión da Xunta de Goberno local de comezar a reversión gratuíta a prol do concello de A Coruña da parcela do inmovible do antigo cárcere provincial de A Coruña. Fallo que propicia a sociedade de infraestruturas e equipamentos penitenciarios, titular do inmovible, ao presentar recurso. Mais tamén é certo que o fondo da cuestión resta en claro no auto, que recoñece que desaparecida a causa que xustificou a cesión o concello pode exercitar as medidas tendentes a conquistar a reversión.

Este recurso presentado por unha administración pública gobernada polo PP faise para preservar os intereses do ministerio de defensa, que se aferran ao acordo asinado no tempo do vazquismo e que preveía o abono de 1,2 millóns de euros por parte do concello. Pagamento a facer polo concello coruñés a unha institución pública que confesa que non ten interese algún na parcela e que se beneficiou dunha cesión gratuíta nos anos 20 do século XX coa finalidade de levantar a prisión.

A actitude do goberno central semella economicista ata o paroxismo porque a súa negativa a devolver de xeito gratuíto a parcela pon en risco o inmovible, que está a sufrir a degradación do abandono. Para Alternativa Galega da Esquerda semella que debe prevalecer o interese da cidadanía coruñesa respecto os intereses puramente económicos do ministerio e urxe, dado o lamentable estado de abandono do inmovible, que as administracións públicas da Xunta e do concello de A Coruña sexan quen de facer valer razóns diante dun ministerio que comparte filiación política.

Na comisión I, celebrada o 3 de xuño do 2014, acordouse por unanimidade, logo de ser modificada, unha proposición non de lei presentada por este grupo na que se instaba á Xunta a apoiar ao goberno municipal da Coruña nas actuacións que deban realizarse para conquistar a cesión gratuíta do antigo cárcere provincial, e na súa vontade de consensuar os futuros usos do edificio, unha vez recuperado.

A clave é o acordo político entre administracións públicas do mesmo signo político para o ben da cidadanía de A Coruña. Urxe acadalo, entre outras cuestións non menores, pola situación de degradación física do inmovble. E o noso grupo parlamentar quere coñecer que actuacións levou a cabo a Xunta para apoiar esa cesión gratuíta e que outras accións vai desenvolver para conseguir esa cesión gratuíta.

Polo tanto, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a redobrar as xestións conducentes a conseguir a cesión gratuíta do antigo cárcere provincial de A Coruña.

Compostela, 23 de decembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/12/2014 12:43:58

Jose Javier Ron Fernandez na data 23/12/2014 12:44:02

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE PLENARIO**, relativa á non resolución do conflito laboral en Cleanet polo impago das nóminas ás traballadoras por parte da empresa concesionaria dun servizo público e as actuacións comprometidas pola consellaría de traballo a prol dos dereitos das traballadoras.

Exposición de motivos

En outubro, rexistrou Alternativa Galega da Esquerda unha batería de iniciativas en defensa dos dereitos das traballadoras de Cleanet afectadas pola incualificable actuación da dirección da empresa, que lles adebeda máis de 3 nóminas para que a Xunta defendera a estas traballadoras.

No país do golpe de Estado laboral do PP todo está permitido para os patróns sen escrúpulos. Despedimentos por apenas nada e pretextando case calquera cousa, rebaixas salariais nun intre en que a negociación colectiva está virtualmente desfeita e agora a penúltima modalidade de explotación: non pagar os salarios que as traballadoras, neste caso as de Cleanet, teñen pactado por vender a súa forza de traballo. Circunstancia que se produce en Ferrol e en outras localidades onde a empresa ten a concesión da limpeza, dende Pontevedra a Murcia ou Sevilla entre outras.

Semellante práctica leva meses perpetrándose sen que o ministerio e as autoridades da Xunta de Galicia sexan quen de forzar á empresa a cumprir coa lei e por suposto sen que a estas alturas se teña sancionado á empresa por incumprir as cláusulas contractuais e mesmo un deber elemental de humanidade.

Tarde a conselleira de traballo comprometeuse a intermediar diante deste caso de flagrante inxustiza, mais os días corren e as traballadoras non cobran. E apenas outra cousa temos as persoas traballadoras que o salario que percibimos pola venda da nosa forza de traballo.

Polo exposto, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate plenario:

- O Parlamento Galego insta á Xunta, por medio da conselleira de traballo, a realizar todas as actuacións oportunas para que remate a intolerable práctica da empresa concesionaria Cleanet referida aos retrasos e impagos de salarios as súas traballadoras.
- O Parlamento Galego insta á Xunta que a se dirixa ao goberno central instando a adopción de sancións á empresa Cleanet.

En Compostela, 24 de decembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 24/12/2014 09:48:49

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓN

1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓN

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN

1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

4.1. INFORMACIÓN

4.2. CORRECCIÓN DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727